

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

ORDE do 13 de agosto de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para o período 2019-2021 e se procede á primeira convocatoria das subvencións para o financiamento das accións formativas con compromiso de contratación en unidades formativas das empresas, para os exercicios 2019-2020 (código de procedemento TR301P), e se establecen as bases do Programa de incentivos á actividade laboral vinculada ás accións formativas con compromiso de contratación inmediata para os exercicios 2020-2021 (código de procedemento TR349X).

Os números 1 e 2 do artigo 29 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado mediante a Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, atribúelle á Comunidade Autónoma galega a execución da lexislación do Estado en materia laboral e de fondos de ámbito nacional e de emprego.

A disposición transitoria segunda do Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, e o Decreto 135/2017, do 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria dispón que esta é o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal lle corresponde o exercicio das competencias e funcións, entre outras, de proposta e execución das directrices xerais do Goberno no ámbito laboral, o que engloba as competencias en materia de políticas activas de emprego e política laboral, así como promoción laboral, de conformidade co Estatuto de autonomía e coa Constitución.

A Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, regula a planificación e o financiamento do Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, a programación e execución das accións formativas, o control, o seguimento e o réxime sancionador, así como o sistema de información, a avaliación, a calidade e a gobernanza do sistema.

Entre as iniciativas de formación para o emprego que regula a antedita lei considérase a oferta formativa das administracións competentes para persoas traballadoras desempregadas, que inclúe os programas formativos con compromiso de contratación.

Coa aprobación do Real decreto 694/2017, do 3 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, establécese unha nova regulación dos programas formativos



que inclúan compromisos de contratación, a través do seu artigo 28 que, entre outras cuestións novas, reduce a porcentaxe mínima de contratación do total de persoas traballadoras formadas ao 40 %, fronte ao 60 % anterior.

Ademais, a nova Orde TMS/368/2019, do 28 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 694/2017, do 3 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, en relación coa oferta formativa das administracións competentes e o seu financiamento, e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento, regula a iniciativa de oferta formativa das administracións públicas para persoas traballadoras desempregadas.

Na Axenda da competitividade Galicia Industria 4.0, aprobada polo Consello da Xunta o 13 de maio de 2015, prevese a formación das persoas como un dos compoñentes necesarios do programa de reforzo das persoas e das organizacións, así como a necesidade de que o sistema formativo se oriente ás necesidades da industria, de maneira que cómpre que se impartan accións formativas vinculadas con certificados de profesionalidade relacionados coa Industria 4.0.

No informe sobre a Axenda 20 para o emprego, que se abordou no Consello da Goberno da Xunta de Galicia do 3 de marzo de 2016, incluíuse, dentro do reto 2 (Formación e capacitación como pancas de cambio) a medida de Impulsar a creación de unidades de formación na empresa para impulsar dentro do tecido empresarial a especialización e capacitación con compromiso de contratación.

A tales obxectivos e, en concreto, á implantación das medidas previstas na Axenda 20 para o emprego responde a creación de unidades de formación nas empresas mediante, por unha banda, a formación con compromiso de contratación e, por outra, os incentivos á inserción laboral das persoas traballadoras desempregadas que se forman nas ditas unidades.

Trátase de xuntar a necesidade da empresa de contar con persoas traballadoras cualificadas e adaptadas ás súas formas de produción, coa procura activa de emprego por parte das persoas traballadoras desempregadas. A empresa, por un lado, pode atender as súas necesidades máis inmediatas, determinadas pola ampliación da súa actividade ou a apertura de novas liñas de negocio, cubrindo esa ausencia de persoal co desempeño dun posto de traballo na empresa. Deste xeito, existe unha gran vinculación entre a formación e o emprego.

CVE-DOG: 0hcektq8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxz8



Pola súa vez, o Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, aprobado polo Parlamento galego o 11 de maio de 2016, fixou como eixe 1 a Empregabilidade e crecemento intelixente, que recolle un modelo integral de desenvolvemento coa finalidade de superar a situación laboral previa á crise e a creación de postos de traballo sustentables. Dentro do dito eixe 1 recóllese como prioridade de actuación o aumento da empregabilidade e produtividade das persoas traballadoras de Galicia a través da formación e innovación constante, que, pola súa vez, marca como un dos seus obxectivos estratéxicos ou prioritarios, o da mellora da calidade da formación profesional para o emprego, e como un dos eixes que agrupa os obxectivos estruturais o da formación e o das oportunidades de emprego.

Ao abeiro das bases reguladoras establecidas na presente orde para o procedemento TR301P aprobaranse as sucesivas convocatorias durante o período 2019-2021, ben que neste mesmo texto se procede á primeira convocatoria, para o período 2019-2020.

Como novidades nesta orde, con respecto á anterior, cómpre subliñar a introdución de novos criterios de valoración, a énfase na colaboración das empresas beneficiarias na xestión das bolsas e axudas do alumnado, a adaptación á recente normativa estatal, especialmente en custos susceptibles de financiamento, a facilitación da selección directa do alumnado e a exención da obriga de constituír garantías para a realización dos anticipos, por parte das empresas beneficiarias.

Consecuentemente con todo o anterior, logo de consultar o Consello Galego de Formación Profesional e o Consello Galego de Relacións Laborais, no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto, finalidade e principios de xestión*

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras polas que se rexerá, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e durante o período 2019-2021, a convocatoria pública das subvencións para o financiamento das accións formativas para o emprego en unidades formativas nas empresas con compromiso de contratación e da actividade laboral asociada dirixidas ás persoas traballadoras desempregadas, a través dos seguintes programas:

a) Programa de financiamento de accións formativas con compromiso de contratación inmediata (TR301P).

CVE-DOG: 0hcekt8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxzz8



b) Programa de incentivos á actividade laboral vinculada ás accións formativas con compromiso de contratación inmediata (TR349X)

2. As solicitudes, tramitación e concesión das subvencións axustaranse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro; na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019; no que resulte de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e ao disposto nesta orde.

3. A xestión destes programas realizarase de acordo cos seguintes principios:

a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.

b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

c) Eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

4. É obxecto desta orde proceder á convocatoria do Programa de financiamento de accións formativas con compromiso de contratación inmediata (TR301P), para as anualidades 2019 e 2020.

5. Nas anualidades 2020 e 2021 poderanse efectuar novas convocatorias de ambos os programas baixo as mesmas bases reguladoras.

Artigo 2. Orzamentos

1. A concesión das subvencións previstas no capítulo II desta orde queda sometida ao réxime de concorrencia competitiva, nos termos establecidos no artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 6.5.b) da Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral.

CVE-DOG: 0hcekqt8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxz8



2. As axudas recollidas no capítulo II desta orde de convocatoria financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 09.41.323A.471.0, código de proxecto 2013 00545, cun crédito de 1.000.000 euros para o ano 2019 e de 2.000.000 euros para o ano 2020.

Estes créditos figuran nos estados de gastos da Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio de 2019.

O crédito excedente dunha convocatoria poderá incorporarse ao crédito asignado a convocatorias futuras.

Estes créditos poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais.

Poderá ampliarse a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento de crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia dunha xeración, ampliación, incorporación de crédito ou da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

Artigo 3. *Definicións*

Para os efectos desta orde, entenderase:

a) Persoa desempregada: aquela que estea inscrita como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia no momento de comezar a acción formativa e no momento da súa contratación e que, pola súa vez, careza de ocupación segundo o informe de vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

b) Unidade formativa da empresa: a formación con compromiso de contratación impartida con medios propios da entidade beneficiaria, ou a través dunha entidade contratada nos termos desta orde, que teña por obxecto a impartición de unidades de formación solicitadas pola dita empresa beneficiaria e con relación á súa actividade empresarial no marco do Programa de financiamento de accións formativas con compromiso de contratación inmediata que se recolle no capítulo II.

c) Alumnado formado: o conxunto do alumnado que asistise, cando menos, ao 75 % da duración total da acción formativa.



d) Alumnado liquidable: número de persoas alumnas que resulte logo de aplicar a media do alumnado asistente no primeiro cuarto de duración temporal do curso.

Artigo 4. *Entidades beneficiarias*

1. Poderán ser entidades beneficiarias as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, e as agrupacións temporais de empresas que presenten solicitude conxunta, mediante un convenio que acredite a correspondente agrupación.

No caso das agrupacións temporais de empresa que presenten solicitude conxunta, deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude coma na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, o período de vixencia da agrupación que como mínimo deberá ser o do tempo de duración da acción ou accións formativas, así como o importe de subvención que se vai aplicar para cada un deles, que terán igualmente a consideración de persoas beneficiarias. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, lle correspondan á agrupación. Cada empresa que forme parte desta agrupación temporal deberá reunir os requisitos exixidos para acceder ás axudas.

Calquera modificación dos compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación deberá ser comunicada á Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral para a súa autorización. Os ditos cambios non poderán en ningún caso minorar o compromiso de contratación adquirido pola agrupación.

2. De conformidade co artigo 28.1 do Real decreto 694/2017, do 3 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, poderán ser beneficiarias as empresas que sexan entidades de formación acreditadas e/ou inscritas, pola administración pública competente, para impartir formación profesional para o emprego no ámbito laboral en Galicia, caso en que poderán asumir o compromiso de contratación mediante acordos ou convenios con outras empresas que efectuarán a contratación laboral. Nestes supostos, será a entidade de formación beneficiaria a que asuma a responsabilidade da execución da actividade formativa subvencionada e do cumprimento do compromiso de contratación.

3. Non poderán ser entidades beneficiarias destas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas, nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.

CVE-DOG: 0hcektq8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxzz8



4. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria das subvencións establecidas nesta orde as persoas ou entidades en que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 6.7 da Orde TMS/368/2019, do 28 de marzo.

A xustificación polas entidades solicitantes de non estar incursas en ningunha das anteditas circunstancias realizarase mediante unha declaración responsable que deberá incluír no modelo de solicitude que se contén como anexo de cada convocatoria, cuxo contido deberá respectar o que establece o artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A presentación dunha declaración responsable que falsee as condicións requiridas para a concesión da subvención ou oculte as circunstancias que a impidisen ou limitasen poderá ter a consideración dunha infracción moi grave nos termos do artigo 56 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coas posibles consecuencias sancionadoras que se recollen na dita norma e no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

5. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria as persoas solicitantes que estean excluídas do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme o establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

Artigo 5. *Competencia*

1. A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de axudas presentadas ao abeiro do capítulo II desta orde de convocatoria, por delegación da persoa titular da Consellería de Economía, Emprego e Industria, corresponderalle á persoa titular da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.

2. A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de axudas presentadas ao abeiro do capítulo III desta orde, por delegación da persoa titular da Consellería de Economía, Emprego e Industria, corresponderalle á persoa titular da Secretaría Xeral de Emprego.

Artigo 6. *Solicitudes*

1. De conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 24.2 do Decreto 198/2010,

CVE-DOG: 0hcektq8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxzz8



do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, para o programa de financiamento de accións formativas con compromiso de contratación inmediata (procedemento TR301P), a presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos, a través do formulario electrónico normalizado dispoñible na aplicación SIFO accesible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.gal> ou no enderezo directo <https://emprego.xunta.es/sifo-solicitudes>.

Para o programa de incentivos á actividade laboral vinculada ás accións formativas con compromiso de contratación inmediata (procedemento TR349X), as solicitudes deberán presentarse pola vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Para presentar as solicitudes en ambos os procedementos (TR301P e TR349X) será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia.

No relativo ao procedemento TR349X, para a presentación das solicitudes tamén se poderá se empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que foi realizada a emenda.

2. A documentación complementaria, tanto a presentada na solicitude como noutras fases do procedemento e en ambos os procedementos, presentarase electronicamente, mediante a presentación do documento orixinal de se tratar dun documento dixital ou da imaxe electrónica do documento orixinal, de se tratar dun documento en papel. Neste último caso, a imaxe electrónica adaptase ao previsto do Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema nacional de interoperabilidade no ámbito da administración electrónica e na Resolución do 19 de xullo de 2011, da Secretaría de Estado para a Función Pública, pola que se aproba a Norma técnica de interoperabilidade de dixitalización de documentos.

CVE-DOG: 0hcekqt8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxz8



As imaxes electrónicas aplicarán os formatos establecidos para ficheiros de imaxe na Norma técnica de interoperabilidade do Catálogo de estándares; o nivel de resolución mínimo para imaxes electrónicas será de 200 píxeles por pulgada, tanto para as imaxes obtidas en branco e negro, cor ou escala de grises; a imaxe electrónica será fiel ao documento orixe (respectará a xeometría do documento orixe en tamaños e proporcións, non conterá caracteres ou gráficos que non figurasen no documento de orixe e a súa xeración realizárase por un medio fotoeléctrico).

As imaxes electrónicas que acheguen as entidades interesadas ao procedemento administrativo terán eficacia, exclusivamente, no ámbito da actividade das administracións públicas.

As imaxes electrónicas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante ou representante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para estes efectos a entidade interesada deberá conservar o documento orixinal por un prazo de 5 anos desde a presentación da imaxe electrónica.

No caso de que algún dos documentos que vaia presentar a persoa solicitante, de forma electrónica, supere os tamaños límite establecidos pola sede electrónica permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia. Para iso, e xunto co documento que se presenta, a persoa interesada deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro.

Se a persoa solicitante desexa presentar calquera documentación en formatos non admitidos, poderá realizalo de forma presencial a través de calquera dos rexistros habilitados.

3. Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación do procedemento TR301P deberán ser realizados electronicamente a través da aplicación informática SIFO, e a presentación de documentación derivada das notificacións practicadas pola Administración debe adecuarse ao disposto no artigo 9.3 da presente orde.

CVE-DOG: 0hcektq8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxzz8



Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación do procedemento TR349X deberán ser realizados electronicamente accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

5. No suposto de que a solicitude non cumpra os requisitos sinalados na convocatoria ou a documentación presentada conteña erros ou sexa insuficiente, requirirase a persoa solicitante para que, nun prazo de 10 días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se considerará desistido da súa solicitude, logo de resolución que así o declare.

Artigo 7. *Transparencia e bo goberno*

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a consellería responsable da iniciativa publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, se puideren impor nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. Segundo o disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

3. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de datos nacional de subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

CVE-DOG: 0hcektq8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxzz8



As persoas beneficiarias das axudas concedidas incluíranse no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios e mais no de Sancións, creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2006.

Artigo 8. Información básica sobre protección de datos persoais

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Economía, Emprego e Industria coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.

2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no devandito formulario.

3. Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

4. Co fin de darlle a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios

5. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Artigo 9. Resolución, notificación e recursos

1. Logo da fiscalización pola Intervención delegada da Consellería de Economía, Emprego e Industria da proposta emitida polo correspondente servizo instrutor, a resolución

CVE-DOG: 0hcekqt8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxz8



ditaraa o órgano competente, por delegación da persoa titular da Consellería de Economía, Emprego e Industria, e seralle notificada á persoa interesada. As resolucións de concesión ou denegación serán sempre motivadas.

2. O prazo para resolver e notificar en ambos os procedementos é de tres meses.

No caso do Programa de financiamento de accións formativas con compromiso de contratación inmediata (TR301P), o dito prazo computarase desde a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

No que se refire ao Programa de incentivos á actividade laboral vinculada ás accións formativas con compromiso de contratación inmediata (TR349X), o cómputo do prazo de resolución e notificación comezará na data de presentación da correspondente solicitude.

Transcorrido o dito prazo sen que se dite resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. As notificacións de resolucións e actos administrativos de ambos os procedementos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico e/ou teléfono móbil que consten na solicitude.

Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

CVE-DOG: 0hcektq8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxzz8



As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico practicarán a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4. Para o caso concreto do procedemento TR301P, a presentación de documentación derivada das notificacións practicadas será realizada exclusivamente mediante o programa informático SIFO, que disporá dun punto único para efectuar todos os envíos de documentación á Administración. Unicamente no caso de que non fose posible, por problemas técnicos, o interesado podería realizar a súa presentación por medio dos trámites comúns da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

Logo de notificar a resolución definitiva polo órgano competente, as entidades interesadas propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez días hábiles para a súa aceptación a través da aplicación SIFO, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente rexeitada.

A aceptación da concesión da subvención, no marco desta orde, implica que a entidade interesada recoñece que conta con capacidade suficiente, en termos económicos, técnicos, de recursos humanos, materiais e organizativos, para asumir na súa totalidade a execución completa dos cursos que solicita, así como que se compromete a dispor deles ao longo de todo o período de execución da actividade subvencionable.

No suposto de que as entidades ás cales se propoña como beneficiarias decidan renunciar posteriormente á súa aceptación desta condición a través da aplicación SIFO, só se considerarán causas xustificadas a imposibilidade de atopar alumnado suficiente para comezar o curso, por imposibilidade de contratar persoal docente que cumpra os requisitos exixidos para impartir a especialidade ou por circunstancias de gravidade e excepcionalidade acreditada, e estarán obrigadas a comunicar a súa renuncia no prazo de cinco días hábiles desde que se produza a circunstancia causante a través do formulario «renuncia á acción formativa» na aplicación SIFO.

A Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral deberá ditar resolución expresa sobre a renuncia, nos termos preceptuados pola Lei 39/2015, do 1 de outubro.

CVE-DOG: 0hcekqt8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxzz8



No caso de non producirse unha renuncia expresa, se a acción formativa non dá comezo na data de inicio prevista, inicialmente ou nas sucesivas solicitudes de cambio aceptadas pola Administración, transcorridos cinco días hábiles desde que debería terse iniciado, entenderase feita unha renuncia tácita, polo que o órgano xestor poderá iniciar a tramitación da dita renuncia, coas consecuencias que se establecen neste artigo.

Tanto nos supostos de rexeitamento expreso como no de renuncias sobrevidas, poderán ditarse novas resolucións nos termos da disposición adicional cuarta, coa finalidade de seleccionar outras accións formativas segundo a puntuación obtida. As accións formativas da entidade renunciante serán excluídas na súa totalidade do novo proceso de selección.

Se a renuncia foi tramitada de oficio tras renuncia tácita por non comezo do curso na data prevista ou, no caso de ser sobrevida, non se motiva adecuadamente, poderá dar lugar a unha minoración da puntuación en sucesivas convocatorias, especialmente naqueles casos en que se produza por ter solicitado cursos por riba da capacidade da entidade ou centro de formación.

5. As resolucións ditadas poñen fin á vía administrativa, e contra elas poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes desde a súa notificación, se o acto for expreso, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, se o acto non for expreso, de conformidade co que preceptúan os artigos 122 a 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 10. *Modificación da resolución de concesión*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, eventualmente, á súa revogación.

Artigo 11. *Incompatibilidades e concorrencia*

As subvencións previstas no capítulo II desta orde son incompatibles coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para o financiamento das horas de



formación procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Artigo 12. Obrigas das entidades beneficiarias do procedemento TR301P

Son obrigas das entidades beneficiarias das axudas:

a) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a Consellería de Economía, Emprego e Industria, así como a calquera outra actuación de control que poidan realizar os órganos competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o cal se achegará tanta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

b) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polas entidades beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos, tal e como establece o artigo 11.d) da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

c) Estar ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.

d) Dispor de libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, coa identificación en conta separada ou epígrafe específica da súa contabilidade de todos os ingresos e gastos de execución das accións formativas, coa referencia común en todos eles á formación para o emprego.

e) Manter un sistema de contabilidade separada ou unha codificación contable adecuada de todas as transaccións realizadas con cargo aos proxectos subvencionados ao abeiro desta orde de convocatoria, referidos a operacións da afectación da subvención á finalidade da súa concesión. Así, xunto coa documentación xustificativa, a entidade beneficiaria deberá achegar os documentos bancarios onde aparezan claramente identificados os ingresos da subvención percibida no sistema da entidade beneficiaria, agás o da liquidación final que se remitirá no momento da súa recepción.

CVE-DOG: 0hcekqt8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxzz8



f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos por un prazo de 5 anos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

g) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

h) Aqueloutras obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 13. *Revogación e reintegro*

1. Procederá a revogación das subvencións e axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos termos do disposto especificamente para cada programa nos artigos 30, 57 e 64 desta orde.

2. As obrigas de reintegro establecidas nos capítulos desta orde entenderanse sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, que aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Artigo 14. *Devolución voluntaria da subvención*

De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta ES82 2080 0300 8731 1006 3172, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, en que conste a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e denominación da subvención concedida.

Artigo 15. *Seguimento e control*

1. Sen prexuízo das facultades que teñen atribuídas outros órganos da Administración de Estado ou da Comunidade Autónoma, a Consellería de Economía, Emprego e Industria

CVE-DOG: 0hcektq8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxz8



levará a cabo funcións de control, así como de avaliación e seguimento dos programas, a través das súas unidades administrativas competentes, en servizos centrais e en servizos periféricos.

Para estes efectos, as persoas beneficiarias deberán cumprir as obrigas que se establezan nesta orde e nas resolucións de concesión.

2. Para realizar estas funcións poderanse utilizar cantos medios estean ao dispor da Consellería de Economía, Emprego e Industria para comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación.

Artigo 16. Axudas sometidas ao réxime de minimis (procedemento TR349X)

1. As axudas establecidas no capítulo III desta orde quedan sometidas ao réxime *de minimis* nos termos establecidos no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE L352, do 24 de decembro de 2013).

Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución de concesión da subvención. Polo tanto a axuda total *de minimis* concedida a unha empresa non será superior a 200.000 euros durante o período dos dous exercicios fiscais anteriores e o exercicio fiscal actual da empresa solicitante, ou a 100.000 euros no suposto dunha axuda concedida a unha empresa que opere no sector do transporte por estrada. Para o cómputo dos límites deste réxime de axudas terase en conta o concepto de «única empresa» establecido no artigo 2 do Regulamento (UE) 1487/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013.

2. Por tratarse de axudas sometidas ao réxime de axudas *de minimis*, non poderá concederse a empresas dos seguintes sectores:

a) Pesca e acuicultura, segundo se establece no Regulamento (CE) nº 1379/2013 do Consello.

b) As axudas concedidas ás empresas dedicadas á produción primaria dos produtos agrícolas que figuran na lista do anexo I do Tratado.

c) As axudas concedidas ás empresas que operan no sector da transformación e comercialización de produtos agrícolas, nos casos seguintes:

i. Cando o importe da axuda se determine en función do prezo ou da cantidade de produtos deste tipo adquiridos a produtores primarios ou comercializados polas empresas interesadas.



ii. Cando a axuda estea supeditada a que unha parte ou a súa totalidade se repercuta aos produtores primarios.

d) As axudas ás actividades relacionadas coa exportación a países terceiros ou Estados membros cando a axuda estea vinculada directamente ás cantidades exportadas, á creación e funcionamento dunha rede de distribución ou a outros gastos de explotación vinculados á actividade de exportación.

e) As axudas condicionadas á utilización de produtos nacionais en lugar de importados.

CAPÍTULO II

Programa de financiamento de accións formativas con compromiso de contratación inmediata (TR301P)

Artigo 17. Accións subvencionables e requisitos

1. Serán subvencionables ao abeiro deste programa, e nos termos do artigo 28 do Real decreto 694/2017, do 3 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, as accións formativas para o emprego con compromiso de contratación que garden relación coa actividade empresarial das entidades solicitantes, dirixidas a persoas traballadoras desempregadas inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia e que inclúan o compromiso de contratación na Comunidade Autónoma de Galicia nalgunha das modalidades enunciadas no capítulo III dun mínimo do 40 % do alumnado formado, por un período mínimo de seis meses a xornada completa, ou 9 meses no caso de que a contratación sexa a tempo parcial. Neste último caso, o mínimo da xornada será do 50 % da correspondente a unha persoa traballadora a tempo completo comparable. No suposto de subscribir un contrato para a formación e a aprendizaxe, a xornada de traballo será a tempo completo e a duración mínima do contrato será de 12 meses.

Nos compromisos de contratación deberá figurar información relativa ás necesidades formativas e postos de traballo que se pretenden cubrir con indicación da correspondente categoría profesional; proceso selectivo previo á formación, de ser o caso; perfiles das persoas que se pretende contratar; número de persoas que se comprometen a contratar; tipo de contrato laboral para cada unha das ditas persoas, con detalle da duración prevista en cada caso, centro de traballo ademais do número de persoas empregadas no cadro laboral da empresa ou entidade contratante na data de publicación da convocatoria.

CVE-DOG: 0hcektq8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxzz8



No momento da selección deberá ser informado o alumnado de todos e cada un dos aspectos referidos no parágrafo anterior. De conformidade co artigo 9.i) da Orde TMS/368/2019, do 28 de marzo, as empresas beneficiarias están obrigadas ao comezo da acción formativa a informar o alumnado das condicións básicas da contratación proposta e, antes do seu inicio, porán en coñecemento das persoas representantes legais das persoas traballadoras na empresa a aprobación do programa con compromiso de contratación que se vai executar, así como as condicións básicas da contratación proposta e unha relación das persoas alumnas que participan na acción formativa.

No compromiso de contratación deberán outorgarse prioridade ao alumnado formado que superase a acción formativa.

Os contratos laborais en que se plasme o compromiso de contratación, de conformidade co último parágrafo do número 4 do artigo 28 do Real decreto 694/2017, poderanse beneficiar dos incentivos ou beneficios na cotización á Seguridade Social ou doutro tipo de axudas que puidesen corresponder polo mesmo contrato, de conformidade coa normativa que regule tales incentivos ou beneficios.

2. Só poderán acudir a este procedemento aquelas empresas e entidades que cumpran os requisitos do artigo 4 desta orde e o resto da normativa aplicable, en concreto a normativa de subvencións e a que regula o sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral.

3. Ademais da acreditación dos requisitos formais exixidos para o compromiso de contratación inmediata nesta orde e no resto da normativa aplicable, o órgano competente da Consellería de Economía, Emprego e Industria poderá facer as indagacións e comprobacións necesarias e solicitar da entidade solicitante ou dos organismos públicos competentes a documentación que considere adecuada para garantir a viabilidade da acción formativa, en concreto o grao de cumprimento de contratación e mantemento do emprego en proxectos formativos impartidos anteriormente, de ser o caso, balances da empresa e documentación da Seguridade Social.

Artigo 18. Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude referida ao Programa de financiamento de accións formativas con compromiso de contratación inmediata (anexo I-A) a seguinte documentación:

a) Ficha do curso de formación profesional para o emprego (anexo I-B).

CVE-DOG: 0hcekt8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxzz8



b) Documentación acreditativa da capacidade legal suficiente para asinar a solicitude, en nome e representación da entidade.

c) Documentación acreditativa da capacidade legal suficiente para asinar a solicitude, en nome e representación da agrupación, no caso de agrupacións temporais de empresas.

d) Compromiso de contratación do alumnado, asinado pola persoa ou persoas representantes da empresa ou empresas vinculadas inicialmente no proxecto presentado, no cal se detalle categoría/s profesional/ais e localidade/s en que serán obxecto de contratación laboral. Este compromiso, de conformidade co artigo 28.1 do Real decreto 694/2017, do 3 de xullo, deberán adquirir a/s empresa/s beneficiarias con respecto a si, salvo que se trate de entidades de formación, caso en que serán estas as que asumirán a responsabilidade do cumprimento do compromiso da contratación, así como da execución da actividade formativa subvencionada.

e) Cando as especialidades formativas que se solicitan correspondan a certificados de profesionalidade, as entidades deberán, ademais, achegar un convenio ou acordo coa empresa ou empresas en que realizará o módulo de prácticas profesionais non laborais en empresas incluídas no certificado de profesionalidade, ou declaración de dispoñibilidade para que se fagan nas instalacións da solicitante. Nos termos do artigo 28.1 do Real decreto 694/2017, do 3 de xullo, se as empresas beneficiarias son entidades de formación, asumirán a responsabilidade, entre outros, do cumprimento deste convenio.

f) Para todas as especialidades, e salvo no caso de que a formación se desenvolva en centros xa inscritos para esa especialidade, relación detallada de dotacións e equipamentos, medios materiais que se van utilizar no seu desenvolvemento e unha descrición das aulas e talleres indicando metros cadrados e xuntando planos oficiais das instalacións onde se imparta a formación, que, nos casos de certificados de profesionalidade, deberán estar visados pola persoa técnica do colexio oficial competente.

g) Cando se soliciten especialidades formativas non vinculadas con certificados de profesionalidade ou itinerarios formativos que non estean incluídos no Catálogo de especialidades formativas do Servizo Público de Emprego Estatal a que se refire o artigo 20.3 da Lei 30/2015, do 9 de setembro, as entidades solicitantes deberán achegar a documentación que a seguir se relaciona, nos termos recollidos na Orde TMS/283/2019, do 12 de marzo, pola que se regula o Catálogo de especialidades formativas no marco do Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral.

CVE-DOG: 0hcekqt8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxzz8



Para estes efectos, e de acordo co disposto na disposición transitoria única da Orde TMS/283/2019, ata que o Servizo Público de Emprego Estatal habilite o sistema informático de xestión do Catálogo de especialidades formativas previstos nesta orde, e sexa posto ao dispor das comunidades autónomas, a actualización do citado catálogo e as correspondentes altas e baixas de especialidades, continuaraas realizando o Servizo Público de Emprego Estatal, utilizando o procedemento establecido na Resolución do 12 de marzo de 2010, do Servizo Público de Emprego Estatal, pola que se establece o procedemento para a inclusión de novas especialidades no ficheiro de especialidades formativas. A adecuación do sistema informático poderase realizar de acordo co establecido nesta orde, no prazo de vinte e catro meses contados desde a súa entrada en vigor.

- Proposta de alta ou modificación de especialidade formativa, consonte o anexo 2 da Orde TMS/283/2019, de ser o caso.

- Proposta de alta de itinerario formativo, consonte o anexo 3 da Orde TMS/283/2019, de ser o caso.

- Proposta de reactivación de especialidade ou itinerario formativo, consonte o anexo 4 da Orde TMS/283/2019, de ser o caso.

- Programa formativo elaborado pola propia entidade consonte o anexo 5 da Orde TMS/283/2019 e, subsidiariamente, seguindo a maqueta que figura como anexo IV da referida Resolución do 12 de marzo de 2010.

- Informe motivado da necesidade de impartición da especialidade formativa solicitada. Deberá ser remitido inescusablemente en soporte informático e virá redactado en lingua galega e castelá, para o seu posterior envío ao Servizo Público de Emprego Estatal.

Os programas deberán ser remitidos inescusablemente en soporte informático editable e virán redactados en lingua galega e castelá, para poder efectuar a correspondente xestión dos procesos de alta, modificación e reactivación, segundo proceda, da especialidade ou itinerario formativo, nos termos do artigo 6 da Orde TMS/283/2019.

As accións formativas obxecto de financiamento non poderá comezar con carácter previo á finalización favorable do proceso de alta, modificación ou reactivación que corresponda.

h) Importe da subvención económica solicitada en función do número de persoas alumnas para as que se solicita o proxecto formativo.

CVE-DOG: 0hcektq8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxz8



i) Acreditación, de ser o caso, de dispor dun sistema ou modelo de calidade para a xestión/actividade da formación vixente na data límite de presentación de solicitudes e a súa data de vixencia.

k) Compromiso de colaboración na xestión de bolsas e axudas do alumnado.

l) No caso de solicitudes conxuntas de agrupacións temporais de empresas deberá achegarse:

- Convenio entre as partes que fan a solicitude conxunta.
- Comprobación de datos para pluralidade de solicitantes (anexo I-C).
- Documentación acreditativa da capacidade legal suficiente para asinar o convenio, en nome e representación da entidade, para cada unha das entidades que formen parte da agrupación.

Non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que foi realizada a emenda.

CVE-DOG: 0hcekqt8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxzz8



3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos que se vai a presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 19. *Comprobación de datos*

1. Para tramitar este procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a) DNI/NIE da persoa representante.
- b) NIF da entidade solicitante.
- c) Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT.
- d) Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.
- e) Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa Atriga.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberano indicar no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 20. *Prazo de presentación, procedemento de concesión, instrución e tramitación*

1. O prazo para a presentación das solicitudes das axudas establecidas neste capítulo será dun mes a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* da presente convocatoria.



Na solicitude indicárase o horario proposto para a impartir a formación.

A data de comezo das accións formativas figurará na solicitude e non poderá ser anterior á data resultado de engadir tres meses á data de finalización do prazo límite de presentación de solicitudes.

Formará parte da solicitude para o dito procedemento TR301P a declaración responsable que se contén nela e que fai constar os aspectos seguintes:

a) Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención.

- De se solicitaren e/ou ter concedidas outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención, deberán relacionarse.

b) Que todos os datos contidos na solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.

c) Que non está a persoa incurso en ningunha das circunstancias previstas no 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 6.7 da Orde TMS/368/2019, do 28 de marzo.

d) Que a persoa non está incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

e) Que está ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

f) Que os lugares de impartición dos cursos serán aqueles que están inscritos ou acreditados para tal fin, nos termos do artigo 15 da Lei 30/2015, do 9 de setembro e do artigo 6.1 Orde TMS/368/2019, do 28 de marzo, pola que se regula o Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, e que cumpren e manterán as condicións e requisitos que exige a normativa aplicable á correspondente especialidade formativa, nomeadamente, a obriga de impartir a formación nos espazos e cos medios formativos acreditados e/ou inscritos para tal fin, así como a de manter as exigencias técnico-pedagóxicas, de instalacións, equipamento e medios humanos tidas en conta para a acreditación ou inscrición da especialidade.



g) Que coñece as estipulacións da presente orde, que cumpre cos requisitos sinalados nela e que se compromete a destinar o importe da axuda ao obxecto da subvención indicada.

h) Que, no caso de ser a empresa unha entidade de formación, conta con capacidade suficiente, en termos económicos, técnicos, de recursos humanos, materiais e organizativos, así como de aulas, talleres e instalacións en xeral, para asumir na súa totalidade a execución completa dos cursos que solicita.

i) Que a entidade dispón da documentación que acredita o cumprimento dos anteriores aspectos e que a porá á disposición da Administración cando lle sexa requirida, ademais de que se compromete a manter os ditos requisitos durante todo o período de tempo inherente ao recoñecemento de tal dereito.

j) Que a entidade asume que a presentación das declaracións responsables a que se refire a presente orde falseando ou ocultando circunstancias que impedisen ou limitasen a concesión da subvención ou o seu pagamento, así como que alterasen a puntuación obtida na baremación, poderá ter a consideración dunha infracción moi grave nos termos do artigo 56 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coas posibles consecuencias sancionadoras que se recollen na dita norma e no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

2. O procedemento de concesión das subvencións reguladas neste capítulo será o de concorrencia competitiva, nos termos establecidos no artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 6.5.b) da Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, de xeito que se ditará unha soa resolución respecto das solicitudes.

3. O órgano instrutor do procedemento será a Subdirección Xeral de Promoción Laboral, a través das persoas funcionarias que ocupen os postos adscritos á dita unidade administrativa.

O procedemento de análise e instrución das solicitudes será levado a cabo polo Servizo de Planificación da Promoción Laboral, mentres que o procedemento de tramitación das resolucións, notificación, xestión e liquidación das accións formativas corresponderalle ao Servizo de Xestión Administrativa.

CVE-DOG: 0hcekt8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxzz8



A persoa titular da Dirección Xeral da Promoción Laboral poderá decidir, en calquera momento, reforzar as referidas unidades administrativas con persoal adscrito ao dito órgano administrativo, para facilitar o cumprimento dos prazos e a mellor eficacia da xestión.

4. O procedemento que se seguirá na tramitación e instrución dos expedientes será o establecido no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os expedientes que cumpran os requisitos para a obtención da subvención remitiranse, xunto co informe sobre o proceso de tramitación e instrución das solicitudes, á comisión de valoración polo órgano instructor, coa finalidade de que poida proceder ao seu estudo e cualificación e emitir o correspondente informe de puntuación.

5. A comisión de valoración estará composta pola persoa titular da Subdirección Xeral de Promoción Laboral, que a presidirá, e serán vogais a persoa titular do Servizo de Planificación da Promoción Laboral e a persoa titular do Servizo da Xestión Administrativa, unha das cales actuará como secretario ou secretaria.

Se por calquera causa, no momento en que a comisión de valoración teña que examinar as solicitudes, algunha das persoas que a compoñen non puidese asistir será substituída pola persoa que para o efecto designe a persoa titular da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.

6. Para avaliar as solicitudes referidas ao Programa de financiamento de accións formativas con compromiso de contratación inmediata (TR301P), a comisión de valoración terá en conta os seguintes criterios:

1º. Accións formativas relacionadas con especialidades vinculadas a familias profesionais con maior relación coa Industria 4.0, é dicir, 1) Electricidade e Electrónica, 2) Fabricación Mecánica, 3) Instalación e Mantemento e 4) Transporte e Mantemento de Vehículos: 15 puntos.

2º. Accións formativas formuladas por empresas de sectores estratéxicos ou sectores emerxentes e de alto potencial, definidos na Axenda da competitividade Galicia Industria 4.0, aprobada polo Consello da Xunta o 13 de maio do 2015, que pode ser consultada en <http://www.igape.es/gl/ser-mais-competitivo/galiciaindustria4-0>: 15 puntos.

Neste sentido, as entidades solicitantes deberán indicar expresamente na declaración responsable se pertencen ou non a algún destes sectores.



Para efectos de baremación entenderanse por empresas de sectores estratéxicos ou sectores emerxentes as que así o acrediten a través da especificación do seu CNAE ou, de ser o caso, as que de acordo co sinalado na Axenda de competitividade Galicia Industria 4.0 pertencen a sectores económicos con experiencia exportadora, que teñan a condición de empresas tractoras ou posúan capacidade xeradora de Peme, e así se conclúe do seu CNAE ou da documentación achegada xunto coa solicitude (memoria, escrito dunha asociación sectorial/clúster, vidas laborais...).

3º. Accións formativas da correspondente orde de convocatoria relacionadas coas áreas prioritarias relacionadas na disposición transitoria segunda da Lei 30/2015, do 9 de setembro (competencias de idiomas, ofimática e tecnoloxías da información e comunicación, coñecementos financeiros, xurídicos e do funcionamento das administracións públicas), que se corresponde co anexo III da presente orde: 5 puntos.

En particular, pero sen carácter exclusivo e suxeito ao disposto no artigo 18.1.g) da presente orde de bases reguladoras, puntuaranse consonte este punto as accións formativas incluídas no anexo II da correspondente orde de convocatoria.

4º. Capacidade acreditada da entidade para desenvolver a formación que solicita, consonte obriga a letra b) do número 1 do artigo 10 da Orde TMS/368/2019, do 28 de marzo: valorarase a situación da entidade solicitante, na data límite de presentación da solicitude, con respecto á implantación dun sistema ou modelo de calidade vixente para a xestión/actividade da formación, con 5 puntos.

5º. Se a entidade ou centro se compromete a colaborar na xestión das subvencións en concepto de bolsas e axudas do alumnado que participe nas súas accións formativas, de tal xeito que formule a súa solicitude e remita a documentación complementaria de xeito electrónico e elixa a opción de ser notificado por vía electrónica, así como que colabore coa Administración na contestación aos requirimentos de corrección das solicitudes e actualice diligentemente e, en calquera caso, antes dos límites establecidos, a información para a tramitación e xestión das bolsas e axudas na aplicación SIFO, ata 5 puntos, segundo o resultado de aplicar a seguinte fórmula: 5 puntos * % de alumnado que vai xestionar electronicamente a tramitación das súas respectivas bolsas e axudas coa colaboración da empresa beneficiaria que se puntúa nesta epígrafe, sobre o total do alumnado do curso que formula a súa solicitude para percibir bolsas e axudas/100.

O compromiso de colaboración da xestión de bolsas e axudas deberá presentarse segundo o modelo que figura no anexo I-A e non prexudicará o dereito do alumnado a formu-

CVE-DOG: 0hcektq8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxzz8



lar a súa solicitude de bolsa ou axuda personalmente, pois só busca un efecto incentivador de mellora do grao de colaboración por parte das entidades beneficiarias, máis alá da obriga mínima de colaboración, consonte o artigo 23.1 da Orde TMS/368/2019 e o artigo 24.2.x) desta orde.

A colaboración na xestión electrónica a que se refire esta epígrafe verificarase a través das aplicacións electrónicas do SPEG, da sede electrónica da Xunta de Galicia e da aplicación SIFO, coas conseguíntes consecuencias, de ser o caso, de minoración proporcional na fase de liquidación de ata un 5 % do total do importe da subvención, e coa puntuación negativa, por ata -5 puntos, en proporción porcentual do incumprimento, de todas as accións formativas cuxa subvención solicite a empresa correspondente, ao abeiro deste procedemento, nas 3 convocatorias posteriores a aquela no marco da cal se produciu o non cumprimento do compromiso puntuado.

6º. As convocatorias poderán puntuar negativamente todas as accións formativas solicitadas por aquelas entidades que non cumprisen o seu compromiso de inserción, con cómputo dunha soa vez de cada incumprimento dunha convocatoria concreta, con ata -5 puntos, en proporción ao grao de incumprimento.

De igual xeito, as convocatorias poderán establecer puntuacións negativas para todas as accións formativas solicitadas por aquelas entidades que renunciase expresamente a accións formativas concedidas no marco da convocatoria previa, fóra dos supostos permitidos, con -5 puntos.

7. O emprego da lingua galega na realización das accións formativas utilizarase como criterio de selección no caso de empate.

O compromiso do emprego da lingua galega deberase referir á súa utilización polas persoas docentes na impartición das accións formativas.

No caso de que, aínda así, persista o empate entre varias solicitudes, resolverase atendendo á puntuación obtida no criterio 1º de valoración. Se o empate continúa, resolverase tendo en conta a puntuación obtida no seguinte criterio, e así sucesivamente, ata que se produza o desempate.

No suposto de continuar o empate, aplicarase como criterio de selección definitiva a data e hora de presentación da solicitude.

CVE-DOG: 0hcektq8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxzz8



8. A comisión de avaliación para realizar o seu labor poderá solicitar aos servizos, unidades administrativas e entidades instrumentais da Consellería de Economía, Emprego e Industria e da Xunta de Galicia, todos aqueles informes técnicos que considere precisos, e emitirá unha acta onde se concrete o resultado da selección efectuada.

9. Á vista dos expedientes e dos informes, o órgano instructor formulará proposta de resolución.

Artigo 21. *Resolución*

1. A resolución dos expedientes, logo do informe da comisión de valoración, do cumprimento do trámite de audiencia, cando proceda, e fiscalizada a proposta pola Intervención, corresponderalle á persoa titular da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, por delegación da persoa titular da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

2. As resolucións dos expedientes comunicaranse ao Consello Galego de Formación Profesional.

3. Ditarase unha soa resolución respecto das solicitudes.

4. A resolución da concesión de subvención fixará expresamente a contía total concedida, a puntuación técnica obtida e incorporará, de ser o caso, as condicións, o compromiso de contratación do alumnado asumido, as obrigacións e as determinacións accesorias a que deba estar suxeita a entidade beneficiaria.

Artigo 22. *Execución das accións formativas*

1. As entidades beneficiarias desenvolverán as accións formativas a través de medios propios ou poderán recorrer á súa contratación, por unha soa vez, sempre que resulten adecuados para tal fin, nos termos da letra a) do número 2 do artigo 14 da Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral.

No caso de que as entidades beneficiarias opten pola contratación para impartir a formación, que poderá ser do 100 % da actividade formativa subvencionada, deberán comunicarllo á Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral con anterioridade ao comezo da acción formativa e subscribir un contrato por escrito cunha entidade ou centro de formación debidamente inscrito ou acreditado, segundo corresponda, para impartir a formación.



2. No suposto de que a entidade beneficiaria sexa unha entidade de formación acreditada e/ou inscrita, non poderá subcontratar con terceiros a execución da actividade formativa.

3. En todo caso, a contratación de persoal docente para a impartición da formación subvencionada por parte da entidade beneficiaria non se considerará subcontratación, ben que só se entende por contratación de persoal docente a contratación de persoas físicas.

4. A entidade beneficiaria, en calquera dos supostos, deberá contar con medios propios que lle permitan desenvolver as funcións de planificación e coordinación do proxecto, e asumirá, en todo caso, a responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Tanto a entidade beneficiaria como, de ser o caso, a entidade contratada deberán asegurar o desenvolvemento satisfactorio das funcións dos órganos, unidades administrativas e/ou entidades de seguimento e control.

Artigo 23. Lugar de impartición das accións formativas

As entidades beneficiarias desenvolverán as accións formativas nas súas instalacións.

No caso de que as entidades beneficiarias carezan de instalacións axeitadas para a impartición do proxecto formativo, poderase autorizar a súa impartición nas instalacións dun centro inscrito ou acreditado en Galicia no Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego, ou en calquera outro centro, que se deberá inscribir ou acreditar previamente con carácter provisional, de acordo cos requisitos e tramitación regulados no Decreto 106/2011, do 19 de maio.

Os centros e entidades onde se imparta a formación deberán estar en posesión da licenza municipal de apertura da actividade de que se trate. Na súa falta, este documento poderá ser substituído por unha declaración responsable da súa representación legal en que se faga constar a idoneidade dos locais de impartición.

Se os cursos teñen lugar en espazos cedidos por outras entidades, a licenza de apertura só poderá ser substituída, nos seguintes supostos, por algún destes documentos:

a) Centros de titularidade municipal: certificación da persoa titular da secretaría municipal en que se acredite que os lugares de impartición dos cursos son aptos para esta finalidade.

CVE-DOG: 0hcekt8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxzz8



b) Entidades públicas (centros de formación, centros sanitarios, etc.): calquera outro documento que acredite suficientemente a súa idoneidade para impartir formación.

En calquera dos casos, esta circunstancia deberá acreditarse tanto nos locais onde se imparta a parte teórica como a práctica.

Artigo 24. *Obrigas das entidades beneficiarias*

1. Ademais das obrigas establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e das establecidas con carácter xeral para todos os centros e entidades de formación no artigo 7 do Decreto 106/2011, do 19 de maio, e sen prexuízo das obrigas establecidas na Lei 30/2015, do 9 de setembro, no Real decreto 694/2017, do 3 de xullo, e no artigo 9 da Orde TMS/368/2019, do 28 de marzo, as entidades beneficiarias das axudas deberán achegar a documentación orixinal, de se tratar de documentos electrónicos, ou a imaxe electrónica dos documentos orixinais, de se tratar de documentación en papel, que se indica no seguinte punto, e nos prazos sinalados, tendo en conta que os datos da xestión e tramitación do curso deberán introducirse en liña a través da aplicación informática SIFO.

2. De acordo co anterior, as entidades beneficiarias deberán:

a) Requirir de cada persoa alumna, no momento da súa incorporación, a seguinte documentación, que se deberá archivar separadamente por cada curso:

- Copia do DNI.
- Ficha individual (para os efectos de posibles notificacións, envío de diplomas ou remisión de certificados emitidos por solicitude da persoa interesada, esta deberá incluír para a súa incorporación na aplicación informática SIFO o enderezo de correo electrónico das persoas participantes na actividade formativa).
- Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos de acceso á formación.
- Documentación acreditativa para a exención do módulo de prácticas profesionais non laborais, se é o caso.
- Diploma do módulo transversal ou obrigatorio, se é o caso.
- Documentos de información ao alumnado da subvención, debidamente asinados.



No caso de que existan alumnos ou alumnas que non cumpran os requisitos exixidos de acceso ao curso non se lles emitirá diploma ao finalizar a formación. Na liquidación realízase unha minoración proporcional ao número de alumnos ou alumnas que non cumprían os requisitos.

b) Como mínimo cinco días hábiles antes do inicio do curso, introducíranse na aplicación informática SIFO, na ficha de inicio, os seguintes datos e documentos para que dispoñan deles para os efectos de supervisión e control tanto a Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral como a xefatura territorial correspondente:

- Programa completo, agás naquelas especialidades que teñen programación modular.
- Planificación temporal do curso, indicando a previsión das visitas didácticas, de ser o caso.
- Enderezo completo.
- Instrumentos de avaliación válidos e fiables, cun sistema de puntuación e corrección obxectivo.
- A relación de persoal docente que vai impartir o curso. Farase constar a súa formación metodolóxica e relación dos módulos que impartirá cada un deles.
- Dixitalmente a través dos medios electrónicos a que se refire esta orde, facilitará á Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, así como á xefatura territorial correspondente, a planificación temporal da acción formativa que, no caso de especialidades de estrutura modular, deberá detallarse para cada un dos módulos do curso, indicando a previsión das visitas didácticas ao longo do curso.
- No caso de accións formativas vinculadas a certificados de profesionalidade:
 - Ratificación do compromiso de subscribir convenio ou acordo coa empresa ou empresas nas que realizará o módulo de prácticas profesionais non laborais en empresas incluída no certificado de profesionalidade.
 - Planificación didáctica, elaborada segundo o anexo III da Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro.



– Programación didáctica de cada módulo formativo e, se é o caso, unidades formativas, utilizada como guía de aprendizaxe e avaliación, elaborada segundo o anexo IV da Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro.

– Planificación da avaliación, formalizada de acordo co anexo V da Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro.

- A documentación acreditativa da formación e experiencia do profesorado, cando esta non estea en poder da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

- A identificación do persoal de preparación de clases, titorías para o reforzo formativo e impartición da docencia.

- A identificación do persoal que asuma as tarefas de administración e dirección estritamente necesarias para a preparación, xestión e execución da acción formativa.

- O seguro de accidentes das persoas participantes.

- Chaves de acceso á correspondente plataforma, se é o caso.

- A documentación en que se reflecta a metodoloxía utilizada para o cálculo e imputación dos gastos e a porcentaxe que se imputa, cando se trate dunha imputación parcial de gastos directos ou dunha imputación de gastos comúns a varias actividades.

- A solicitude de anticipo, de ser o caso.

Cada módulo formativo do certificado de profesionalidade poderá ser impartido, como máximo, por dúas persoas formadoras, que deberán cumprir cos requisitos que se establezan para cada módulo formativo no real decreto que regule o correspondente certificado de profesionalidade.

Toda persoa formadora que fose validada, por unha unidade administrativa competente da Administración autonómica, para impartir determinada especialidade ou módulo formativo, segundo o caso, vinculado ou non á obtención dun certificado de profesionalidade, entenderase que cumpre cos requisitos para impartilo en todo o territorio de Galicia durante o período que se determine en cada unha das convocatorias.

As persoas docentes encargadas da impartición do módulo de formación sobre igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e corresponsabilidade familiar e doméstica

CVE-DOG: 0hcekqt8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxz8



deberán acreditar 150 horas de formación en materia de xénero ou de experiencia profesional ou docente en materia de xénero, e seranlles de aplicación os mesmos criterios de equiparación da acreditación que se establecen no parágrafo anterior para as persoas docentes que impartan módulos dos certificados de profesionalidade.

c) Remitirille á xefatura territorial correspondente e á Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, a través dos medios que se indican no número 1:

a. No momento da solicitude á oficina de emprego de persoas candidatas, de ser o caso:

- As datas de inicio e de finalización do curso que se deberán introducir na aplicación informática SIFO.

b. O día de inicio de cada curso:

- Certificación xustificativa do comezo do curso e, de ser o caso, das modificacións producidas respecto dos datos sinalados no número anterior.

- Certificación acreditativa do cumprimento do deber de informar o alumnado das condicións básicas da contratación proposta a que se refire o artigo 17.1 da presente orde.

c. Quincenalmente:

- Partes diarios de asistencia asinados polo alumnado e o persoal docente. Este documento deberá ser o xerado pola aplicación SIFO unha vez cuberta a información necesaria, e deberán archivar os orixinais asinados, separadamente, por cada curso.

d. No prazo dun mes desde o remate de cada curso:

- Completar a información relativa á finalización do curso na aplicación SIFO.
- Xustificar os custos de cada curso, mediante a seguinte documentación, que deberá presentarse dixitalizada e xerarse na epígrafe de solicitude de pagamentos de SIFO:

- Solicitude de liquidación final.

- Certificación do gasto.

- Relación de nóminas e facturas.

CVE-DOG: 0hcekt8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxzz8



- Facturas, nóminas e xustificantes de pagamento de todos os gastos imputables ao curso, segundo se detalla nos artigos 34 e seguintes desta orde.

- Declaración complementaria do conxunto de todas as axudas solicitadas (aprobadas, concedidas ou pendentes de resolución) para a mesma acción formativa ás distintas administracións públicas competentes ou a calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

- Extractos do libro maior en que se reflictan todas as operacións contables realizadas para a execución da acción formativa.

- Declaración responsable das empresas coas cales teñan vinculación.

- Certificado ou autorización á Administración actuante para verificar que están ao día nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non teñen pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, ou están ao día no pagamento de obrigas por reintegro de acordo co disposto no artigo 9 do Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

A presentación das correspondentes xustificacións respectarán o prazo establecido no artigo 32 desta orde.

d) Comunicarlle á Dirección Xeral de Promoción e Orientación Laboral a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración ou ente público.

e) Expoñer no taboleiro de anuncios da entidade beneficiaria ou do centro onde se imparta a acción formativa a seguinte información:

- Programa completo do curso temporizado por módulos.
- Dereitos e obrigas do alumnado e da entidade que imparta a formación.
- Relación do persoal docente.
- Horario do curso.

CVE-DOG: 0hcekqt8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxzz8



- Información do financiamento da acción formativa pola Xunta de Galicia, Consellería de Economía, Emprego e Industria, e polo ministerio competente na materia.

f) Aboar mensualmente a remuneración do profesorado a través de transferencia bancaria.

Non exime desta obriga o feito de que a entidade beneficiaria non percibise os anticipos previstos nesta orde.

g) Someterse ás actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, poidan acordar os servizos periféricos ou centrais competentes da Consellería de Economía, Emprego e Industria, tanto no relativo ao desenvolvemento das accións formativas como á súa xestión e tramitación administrativa, e someterse ás actuacións de avaliación, seguimento e control, internas e externas, segundo o plan anual de avaliación, recollido no artigo 18.2 do Real decreto 34/2008, que regula os certificados de profesionalidade.

Nomeadamente, non poderá comezar ningunha acción formativa que non conte coa validación previa do persoal técnico da unidade administrativa competente reflectida na aplicación informática SIFO.

h) Dispor dun sistema de control biométrico para o seguimento e control do alumnado e do persoal docente, compatible co sistema establecido polo Servizo Público de Emprego de Galicia.

O control de asistencia realizarase mediante control biométrico e/ou controis de asistencia que deberán asinar diariamente ao iniciar e ao finalizar a actividade (de ser a acción formativa en horario de mañá ou tarde), e catro veces ao día de ser a acción formativa en xornada partida (ao inicio e á fin da xornada de mañá e ao inicio e a remate da xornada de tarde).

Tanto o conxunto do alumnado como o persoal docente estarán obrigados a efectuar o referido control de asistencia mediante o control biométrico e, simultaneamente e con carácter subsidiario, mediante partes de asistencia.

Para os efectos de poder efectuar o devandito control de asistencia o alumnado e o persoal docente deberán ter rexistradas en calquera das oficinas de emprego do SPEG as súas pegadas dixitais con carácter previo á data de inicio da actividade formativa.

CVE-DOG: 0hcekqt8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxz8



A Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral queda facultada para determinar, se o considera oportuno, que o control de asistencia de alumnado e persoal docente se efectúe, en exclusiva, mediante control biométrico.

No relativo á realización do módulo de prácticas non laborais dos certificados de profesionalidade, o control de asistencia non requirirá o control biométrico, e estará limitado a controis de asistencia que deberán asinar diariamente (de ser a acción formativa en horario de mañá ou tarde) ao iniciar e ao finalizar a actividade e catro veces ao día de ser a acción formativa en xornada partida (ao inicio e á fin da xornada de mañá e ao inicio e á fin da xornada de tarde).

i) Contratar un seguro de accidentes para o alumnado que cubra tanto os riscos que poidan ter durante o desenvolvemento do curso, como os do traxecto ao lugar de impartición das clases e das prácticas. A súa duración abranguerá o período do curso, incluíndo expresamente as prácticas en empresas cando estas se realicen, sen que poida admitirse restrición nin exclusión ningunha por razón do medio de transporte utilizado. Non se admitirán pólizas con franquías.

O seguro deberá ter a seguinte cobertura mínima:

- No caso de morte: 60.000 €.
- No caso de invalidez permanente: 60.000 €.
- Asistencia médico-farmacéutica: durante un ano a partir do sinistro.

j) Contratar unha póliza de responsabilidade civil para facer fronte aos riscos que poidan derivar da súa realización para os bens e as persoas, cando se realicen prácticas en empresas ou outras actividades relacionadas co curso. Non se admitirán pólizas con franquías.

O seguro deberá ter a seguinte cobertura mínima:

- No caso de morte: 60.000 €.
- No caso de invalidez permanente: 60.000 €.
- Asistencia médico-farmacéutica: durante un ano a partir do sinistro.



k) Comunicar, a través da aplicación informática SIFO, á Subdirección Xeral da Promoción Laboral, calquera circunstancia ou eventualidade que poida afectar substancialmente a execución dos cursos programados, o primeiro día hábil en que se teña coñecemento de que se vai producir ou no día hábil en que se produza, así como comunicar ao Servizo de Xestión Administrativa, a través da mesma aplicación, con cinco días de antelación, as modificacións no desenvolvemento dos cursos que non requira autorización nin comunicación a outro órgano directivo ou superior.

l) Aceptar as modificacións que, de ser o caso, introduza o órgano encargado da resolución dos expedientes en relación cos termos de impartición sinalados na solicitude.

m) Facilitar toda a información que lles sexa requirida, directamente ou a través de entidade contratada para o efecto ou á cal lle encomende, de ser o caso, os labores de xestión de verificación, a Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, a xefatura territorial correspondente, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas ou o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como someterse a todas as actuacións de comprobación e control previstas no artigo 11.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

n) Incorporar, xunto coa conta xustificativa dos gastos efectivamente realizados, un informe de revisión de conta xustificativa de subvencións, asinado por unha persoa auditora inscrita no Rexistro Oficial de Auditores de Contas (ROAC), nos termos que preceptúa a Orde EHA/1434/2007, do 17 de maio, pola que se aproba a norma de actuación dos auditores de contas na realización dos traballos de revisión de contas xustificativas de subvencións.

ñ) Para os cursos vinculados a certificados de profesionalidade, remitir un informe individualizado de cada persoa participante en que se cualifiquen os progresos acadados en cada un dos módulos profesionais da acción formativa, segundo o modelo especificado no anexo VI da Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro, pola que se desenvolve o Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade, e os reais decretos polos que se establecen certificados de profesionalidade ditados na súa aplicación.

o) Para os cursos vinculados a certificados de profesionalidade, remitir a acta da avaliación do alumnado segundo o modelo especificado no anexo VII da Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro, pola que se desenvolve o Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade e os reais decretos polos que se esta-



blecen certificados de profesionalidade ditados na súa aplicación, así como a documentación que se requira para os procesos de seguimento e control da calidade das accións formativas, segundo o establecido nos artigos 14 e 18 do Real decreto 34/2008, que regula os certificados de profesionalidade, e nos capítulos I e II do título III da Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro.

p) Comunicarlle previamente á xefatura territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria correspondente a realización de viaxes ou visitas de carácter didáctico, con quince días hábiles de antelación ao día en que vaian ter lugar. A xefatura territorial so poderá denegar estas actividades mediante resolución motivada, especialmente nos casos en que se propoña máis dunha visita por módulo, cando o seu contido non supoña unha achega formativa para o alumnado ou reitere actividades xa realizadas.

q) Pedirlle ao alumnado a documentación acreditativa dos requisitos de acceso para poder participar no curso no momento da selección, tanto nas accións formativas de especialidades vencelladas a certificados de profesionalidade como noutras especialidades en caso de existiren. Esta documentación deberán remitila, xunto coa acta de selección, á oficina de emprego para a súa validación.

r) Dispor de follas de reclamación á disposición de todas as persoas usuarias, en aplicación do disposto na Lei 2/2012, do 28 de marzo, de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias.

s) Subscribir, con carácter previo á percepción do financiamento público, un compromiso verificable de calidade na xestión, transparencia e eficiencia na utilización de recursos públicos. Este compromiso estará referido ao seguimento da impartición e asistencia de todos os participantes, a súa satisfacción co desenvolvemento da acción formativa, os seus contidos, os seus resultados, a calidade do profesorado e as modalidades de impartición.

t) Poñer á disposición das persoas alumnas os materiais didácticos que se precisen de forma indubitada para a axeitada realización da formación, así como os equipos axeitados tanto para a realización das prácticas como para a súa protección e seguridade, do que deberá quedar constancia documental asinada por cada un dos alumnos e alumnas.

u) Dispoñer de libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, coa identificación en conta separada ou epígrafe específica

CVE-DOG: 0hcektq8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxzz8



da súa contabilidade de todos os ingresos e gastos de execución das accións formativas, coa referencia común en todos eles á formación para o emprego.

v) Realizar polo menos dous cuestionarios sobre a valoración da acción formativa por parte do alumnado (no 1º cuarto do curso e cando finalice este).

A Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral poderá habilitar un sistema de captación de enquisas para esta finalidade.

w) Cumprir as obrigas de información e comunicación establecidas nesta orde.

A entidade beneficiaria deberá verificar que no momento do comezo da acción formativa a especialidade segue en alta no Catálogo de especialidades formativas do Servizo Público de Emprego Estatal e que o programa de alta non difira do programa autorizado.

Non serán subvencionadas as accións formativas que no momento do seu inicio non estivesen de alta no Catálogo de especialidades formativas do SEPE, e descontarase na liquidación o custo do alumnado que non reúne os requisitos exixidos para acceder á formación.

En ningún caso, nin a Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral nin a Consellería de Economía, Emprego e Industria adquirirán ningunha responsabilidade respecto daquelas persoas que puidesen participar na formación sen reuniren os requisitos de acceso exixidos para as especialidades formativas, especialmente certificados de profesionalidade de que se trate ou se a formación se impartise sen cumprir os requisitos exixibles de conformidade coa normativa aplicable e o Catálogo de especialidades formativas do SEPE.

Neste sentido, non se expedirán diplomas nin certificados de ningún tipo ás persoas alumnas que participen na formación sen reuniren os referidos requisitos, nin se asumirá ningún tipo de responsabilidade económica derivada da súa participación, o que inclúe que non terán dereito a percibir ningún tipo de bolsas e axudas e que non estarán cubertos polos seguros financiados con cargo a esta orde.

As entidades beneficiarias deberán comunicar por escrito os termos desta epígrafe, coas especificidades aplicables á correspondente especialidade formativa, a todas as persoas que participen no proceso de selección do alumnado, con constancia asinada que acredite a recepción e comprensión deste comunicado.

CVE-DOG: 0hcekt8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxzz8



x) A entidade beneficiaria deberá colaborar na xestión das subvencións en concepto de bolsas e axudas do alumnado que participe nas accións formativas correspondentes, de xeito que informará do contido da orde que as regula e apoiará na formalización das solicitudes e na súa remisión á Administración pública competente, sen prexuízo das obrigas que poidan exixirse para o suposto de que optase por ser puntuada consonte o artigo 20.6.5 desta orde.

Artigo 25. *Determinación das subvencións para a acción formativa*

1. As accións formativas impartidas ao abeiro desta orde serán obxecto de subvención para compensar os custos derivados da súa execución.

2. Os módulos económicos aplicables para os efectos de determinación e xustificación das subvencións destinadas ao financiamento das accións formativas desta convocatoria son os que figuran na web da Consellería de Economía, Emprego e Industria, en cada unha das especialidades do Catálogo de especialidades formativas do Servizo Público de Emprego Estatal, a que se refire o artigo 20.3 da Lei 30/2015, do 9 de setembro, e non poderán superar os máximos determinados no anexo I da Orde TMS/368/2019, do 28 de marzo, e na Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro, en todo o que non contradiga o establecido pola Lei 30/2015 e no Real decreto 694/2017 que a desenvolve, nin fose derogado pola Orde TMS/369/2019, do 28 de marzo, pola que se regula o Rexistro Estatal de Entidades de Formación do Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, así como os procesos comúns de acreditacións e inscrición das entidades de formación para impartir especialidades formativas incluídas no Catálogo de especialidades formativas.

3. O importe das accións formativas concretarase no produto de horas do curso polo número de persoas alumnas e polo importe do módulo que lle correspondan á especialidade, salvo no módulo de prácticas non laborais en empresas das accións formativas de especialidades conducentes á obtención de certificados de profesionalidade, que se financiará con 1,5 euros por persoa alumna e hora de prácticas, que se destinarán ao financiamento dos custos da actividade da persoa titora das prácticas.

4. Cando a media do alumnado subvencionado no primeiro cuarto do curso (alumnado liquidable) sexa inferior ao número de persoas alumnas incluídas na solicitude, o importe máximo da acción formativa reducirase na porcentaxe resultante de multiplicar por tres a diferenza entre o número do alumnado referido na solicitude e a media do alumnado subvencionado do primeiro cuarto.

CVE-DOG: 0hcekqt8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxz8



Para estes efectos, non terá a consideración de baixa cando esta se produza por colocación ou cando unha persoa alumna, coa preceptiva autorización da xefatura territorial correspondente, cause baixa nun curso para incorporarse a outro.

5. No caso de cursos que teñan un mínimo dunha persoa alumna con certificación de discapacidade e a entidade impartidora o solicite expresamente, poderase incrementar o importe da subvención inicialmente aprobado, sempre que se xustifique axeitadamente e que se destine exclusivamente á contratación do apoio necesario para a adecuada participación na acción formativa das ditas persoas alumnas, nos seguintes conceptos:

- a) Para persoal de apoio, ata un máximo de 13 euros por hora lectiva.
- b) Para a adaptación curricular ou do material didáctico necesario, pola contía do gasto xustificado na correspondente memoria explicativa.

A memoria explicativa das necesidades que se pretenden cubrir deberá presentarse unha vez realizada a selección de persoas alumnas e no prazo máximo de 15 días desde a incorporación ao curso da persoa con discapacidade.

Para o aboamento deste importe ditarase unha resolución complementaria co importe total dos gastos autorizados por estes conceptos.

6. As subvencións previstas nesta orde son incompatibles coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma acción formativa procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que supere o custo da actividade subvencionada.

Artigo 26. *Remate das accións formativas*

1. O remate das accións formativas que se financien ao abeiro da primeira convocatoria, terá como data límite o 16 de novembro de 2020 e, en todo caso, respectará os prazos de xustificación establecidos no artigo 32 desta orde.

2. As sucesivas convocatorias que se efectúen ao abeiro das bases reguladoras recollidas nesta orde, durante o seu período de vixencia, establecerán as correspondentes datas límite de remate das accións formativas que financien.

CVE-DOG: 0hcekqt8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxz8



Artigo 27. Custos subvencionables

1. Os custos subvencionables rexeranse polo disposto no artigo 31 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e demais normativa aplicable en materia de subvencións, así como polo artigo 13 da Orde TMS/368/2019, do 28 de marzo.

Só se considerarán gastos realizados os gastos reais que teñan sido efectivamente pagados con anterioridade ao remate do período de xustificación.

2. Consideraranse custos subvencionables aqueles que de xeito indubitado estean relacionados coa actividade obxecto da subvención, resulten estritamente precisos para a súa execución e teñan sido contraídos durante o período de execución establecido para a realización da actividade obxecto da axuda.

Ademais, so terán a condición de custos subvencionables os que sexan contraídos a partir da concesión da subvención.

Non obstante o anterior, poderán imputarse como custos subvencionables os custos indirectos correspondentes á elaboración e presentación do programa de formación desde a data de publicación da convocatoria, e os de elaboración e presentación da xustificación da subvención recibida ata o momento da súa presentación.

Os custos subvencionables xustificaranse mediante facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente que respondan á natureza da actividade subvencionada.

3. Son susceptibles de financiamento os seguintes custos:

a) Custos directos da acción formativa:

1º. Custos do persoal vinculado á docencia: as retribucións das persoas formadoras e das persoas titoras-formadoras internas e externas, así como o persoal que non tendo o carácter do persoal formador ou do persoal titor-formador da acción formativa realiza tarefas relacionadas directamente co seguimento do proceso de aprendizaxe, asesoramento e orientación ao alumnado, así como dinamización no caso de actuacións de teleformación.

A remuneración mensual habitual percibida polo persoal vinculado á docencia non poderá ser incrementada durante o período de execución da acción formativa, agás que por norma ou modificación do convenio colectivo así se estableza. Non obstante, non serán



admisibles aqueles custos salariais que por vía de convenio ou acordo entre a entidade e a persoa traballadora prevexan unha maior retribución en función do importe da subvención.

Non serán subvencionables os complementos salariais non previstos na lexislación laboral, nos convenios colectivos que resulten de aplicación ou no contrato da persoa traballadora.

No suposto de baixas por IT e maternidades, non se poderán imputar as retribucións do persoal formador correspondente ao tempo que permaneza de baixa.

Tampouco serán subvencionables as vacacións pagadas pero non desfrutadas.

Poderanse incluír salarios, seguros sociais, axudas de custos e gastos de locomoción no suposto de contratación laboral, e gastos de contratación no suposto de contrato de servizos e, en xeral, todos os custos imputables no exercicio das actividades de preparación, impartición, titoría e avaliación ás persoas participantes nas actividades formativas.

Todos os gastos incluídos nesta epígrafe deberán presentarse debidamente desagregados, identificados e acompañados do cálculo da imputación realizada, a partir do custo/hora aplicado e o número de horas dedicadas á acción formativa correspondente.

Unha porcentaxe mínima do custo subvencionado para cada acción formativa deberá empregarse exclusivamente en custos de persoal vinculado á docencia de xeito que, de non acadarse esa porcentaxe, aboarase unicamente a cantidade xustificada.

A porcentaxe mínima de custo de persoal vinculado á docencia dependerá do número do alumnado e será a que resulte da seguinte fórmula: $4.200/(8 * \text{número de persoas alumnas})$.

En ningún caso a porcentaxe mínima do custo de persoal vinculado á docencia superará o 35 % do custo subvencionado malia que por aplicación da fórmula resultase un porcentaxe superior.

Todos os custos de persoal vinculado á docencia deberán presentarse debidamente desagregados, identificados e acompañados do cálculo da imputación realizada a partir do custo/hora aplicado e o número de horas dedicadas á acción formativa correspondente. En ningún caso estes custos poderán ser superiores ao prezo de mercado.

CVE-DOG: 0hcekt8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxzz8



No caso do persoal interno, a entidade beneficiaria deberá crear, documentar e custodiar un sistema con valor probatorio suficiente para acreditar as horas dedicadas por cada persoa diariamente a estes labores de preparación e titorías e ás tarefas realizadas, así como o seu custo. O sistema deberá contar con partes diarios de traballo asinados polas persoas traballadoras.

Incluíranse nesta epígrafe unicamente os gastos relativos ás persoas vinculadas á docencia incluídas no documento de inicio da acción formativa e, se é o caso, posteriores modificacións, inseridas na aplicación informática SIFO, ás persoas titoras de prácticas e ao persoal de apoio do alumnado a que fai referencia o artigo 25.5 da orde, debidamente comunicados.

O número de horas imputadas polas actividades incluídas no subconcepto de preparación e titorías non poderá superar o 20 % do total de horas programadas para a docencia da acción subvencionada.

Os custos do persoal que, non tendo o carácter de persoal formador ou de persoal titor-formador da acción formativa, realice tarefas relacionadas directamente co seguimento do proceso de aprendizaxe, asesoramento e orientación ao alumnado, e dinamización no caso de actuacións de teleformación, incluíranse como custos de persoal vinculado á docencia.

Incluíranse neste subconcepto os gastos relativos a este tipo de persoal identificado no documento de inicio da acción formativa e, se é o caso, posteriores modificacións inseridas na aplicación informática SIFO.

2º. Os custos de amortización de equipamentos didácticos e plataformas tecnolóxicas, calculados con criterios de amortización aceptados nas normas de contabilidade, así como o seu alugamento ou arrendamento financeiro, excluídos os xuros, soportados na execución das actividades formativas.

Estes custos deberán presentarse debidamente desagregados por actividade formativa e imputaranse polo número de participantes no caso de uso individual dos equipamentos e plataformas.

A cifra máxima dos custos previstos neste artigo non poderá superar o 10 % da subvención concedida para a acción formativa. Os gastos de amortización deberán corresponderse con bens amortizables rexistrados na contabilidade da entidade beneficiaria da subvención.

CVE-DOG: 0hcektq8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxzz8



Os gastos de amortización subvencionados deberán ser proporcionais ás superficies e elementos estritamente necesarios para a execución da actividade subvencionada e ao período de execución desta.

Non se imputarán gastos de amortización de bens adquiridos con subvencións ou axudas públicas.

A amortización realizarase seguindo as normas de contabilidade xeralmente aceptadas. Para tales efectos, será admisible a aplicación do método de amortización segundo as táboas oficialmente establecidas polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do imposto de sociedades.

A Dirección Xeral poderá exixir a xustificación das amortizacións, así como unha planificación da vida útil do ben.

3º. Custos de medios didácticos e/ou adquisición de materiais didácticos así como custos en bens consumibles empregados na realización das actividades formativas, incluído o material de protección e seguridade.

Inclúense neste punto os textos e materiais dun só uso, así como os materiais de traballo funxibles utilizados durante as actividades de formación.

Estes gastos deberanse presentar debidamente desagregados por acción formativa e imputaranse polo número de participantes que inicien a actividade no caso de utilización individual.

Incluiranse nesta epígrafe os gastos de edición e impresión do material de ensino, así como os da súa tradución.

Estes custos deberanse presentar debidamente desagregados por actividade formativa e imputaranse polo número de participantes no caso de uso individual dos equipamentos ou plataformas.

4º. Os custos de alugamento, arrendamento financeiro, excluídos os seus xuros, ou amortización das aulas, talleres e demais superficies empregadas no desenvolvemento da formación.

Están comprendidos nestes gastos todos aqueles que deban imputarse ou teñan a súa orixe na actividade da acción formativa por alugamento ou arrendamento financeiro, tanto



de instalacións como de maquinaria e equipamentos, excluídos os seus xuros, e non poderán superar o 10 % da subvención concedida para a impartición da acción formativa.

Estes gastos deberán ser proporcionais ás superficies e elementos estritamente necesarios para a execución da actividade subvencionada e ao período de execución desta.

Estes custos deberánse presentar debidamente desagregados por actividade formativa e imputaranse polo período de duración da acción formativa, tendo en conta os espazos e/ou medios empregados.

Os custos de amortización calcularanse segundo normas de contabilidade xeralmente aceptadas, sendo de aplicación o método de amortización segundo as táboas aprobadas polo Regulamento do imposto de sociedades.

No caso de que os gastos orixinados polo alugamento de instalacións e equipamentos se imputen a unha acción formativa ao 100 % ou se repartan integramente entre varias accións formativas das concedidas á entidade, deberase achegar o cálculo detallado da imputación realizada, incluíndo a correspondente ás zonas comúns no caso de instalacións.

No caso de arrendamento financeiro (*leasing* ou *renting*) será subvencionable a parte da cota mensual, excluídos os custos financeiros.

No caso dos contratos de arrendamento que non conteñan unha opción de compra e cuxa duración sexa inferior ao período de vida útil do activo a que se refire o contrato, o arrendatario deberá poder demostrar que o arrendamento non financeiro era o método máis rendible para obter o uso dos bens. Se os custos fosen máis baixos de terse utilizado un método alternativo, os custos adicionais deduciranse do gasto subvencionable.

5º. Custos de seguro de accidentes e responsabilidade civil das persoas participantes, de acordo co disposto no artigo 6 do Real decreto 694/2017, do 3 de xullo.

Estes custos deberán presentarse desagregados por actividade formativa e a súa imputación farase polo número de participantes.

6º. Custos de avaliación da calidade e control da formación.

Por este concepto, en ningún caso poderán superarse no total das accións formativas as porcentaxes do custo xustificado subvencionable indicadas a continuación, nin as contías que se sinalan como máximas:

- Subvencións iguais ou inferiores a 50.000 euros: ata o 5 %.



- Subvencións de 50.001 euros ata 150.000 euros: ata o 5 %, cun máximo de 6.000 €.
- Subvencións de 150.001 euros a 250.000 euros: ata o 5 % cun máximo de 9.000 €.
- Subvencións de 250.001 euros a 500.000 euros: ata o 5 % cun máximo de 15.000 €.
- Subvencións superiores a 500.000 euros: ata o 5 % cun máximo de 25.000 €.

Inclúense os custos internos e externos de persoal derivados da realización das accións de avaliación e control da calidade da formación previstas nestas bases reguladoras. As funcións de control de calidade da docencia poderán ser desempeñadas por persoal non docente.

No caso do persoal interno, a entidade beneficiaria deberá crear, documentar e custodiar un sistema con valor probatorio suficiente para acreditar as horas dedicadas por cada persoa diariamente a estes labores de avaliación e control da calidade da formación e as tarefas realizadas, así como o seu custo. O sistema deberá contar con partes diarios de traballo asinados polas persoas traballadoras.

7º. Custos de publicidade e difusión das actividades formativas e de captación e selección do alumnado participante.

Inclúense neste punto os gastos de publicidade derivados da difusión e promoción das accións formativas por medios que utilicen distintos sistemas de comunicación, polas actividades e servizos realizados.

O financiamento pola Xunta de Galicia e polo ministerio competente en materia de emprego deberá constar na publicidade para que este custo sexa imputable.

Estes gastos deberanse presentar desagregados por acción formativa.

8º. Custos derivados da realización do informe pola persoa auditora.

Os gastos derivados da realización do informe polo auditor, no suposto de que a xustificación se realice mediante a presentación da conta xustificativa con informe asinado por unha persoa auditora rexistrada.

9º. Custos derivados da contratación de persoas especializadas na atención ao alumnado con discapacidade ou pertencente a colectivos vulnerables ou en risco de exclusión,



e/ou da adaptación de medios didácticos e avaliación coa finalidade de mellorar as condicións en que este alumnado recibe a formación.

b) Custos indirectos da actividade formativa:

1º. Custos de persoal de apoio, tanto interno como externo, e todos os precisos para a xestión e execución da actividade formativa.

Inclúense neste concepto os gastos de persoal directivo e administrativo estritamente necesarios para a preparación, xestión e execución da acción formativa, tales como os gastos de selección de alumnado.

A entidade beneficiaria deberá crear, documentar e custodiar un sistema con valor probatorio suficiente para acreditar as horas dedicadas por cada persoa diariamente a estes labores de apoio e as tarefas realizadas, así como o seu custo. O sistema deberá contar con partes diarios de traballo asinados polas persoas traballadoras.

2º. Custos financeiros directamente relacionados coa actividade subvencionada e que resulten indispensables para a súa adecuada preparación ou execución.

Non serán subvencionables os xuros debedores das contas bancarias.

Neste concepto poderanse incluír os seguintes gastos:

- Gastos de apertura dunha conta bancaria e o seu mantemento.
- Gastos de asesoramento legal, notaría, asesoramento técnico ou financeiro que estean ligados á preparación e execución da actividade formativa.
- Aval bancario.

3º. Outros custos: electricidade, auga, calefacción, telefonía, conexión telemática, mensaxaría, correo, limpeza, vixilancia e outros, sempre que estean asociados á execución da actividade formativa.

Non se poderán incluír os custos de reparación de instalacións ou equipamentos.

Estes custos deberanse imputar pola entidade beneficiaria da actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo con principios e normas de contabili-

CVE-DOG: 0hcektq8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxzz8



dade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que tales custos correspondan ao período en que efectivamente se realiza a actividade. Neste caso enténdese como actividade subvencionada a totalidade do programa formativo. A actividade subvencionada abranguerá todas as fases necesarias para o desenvolvemento e xustificación do programa de formación.

De conformidade co artigo 31.9 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, os custos indirectos só poderán ser imputados pola entidade beneficiaria na parte que razoablemente corresponda, de acordo con principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas, na medida en que tales custos correspondan ao período en que efectivamente se realiza a actividade e nos termos das bases reguladoras e da convocatoria.

A suma dos custos indirectos non poderá superar o 10 % do custo total da actividade formativa realizada e xustificada.

4. Non serán subvencionables os custos que incumpran o disposto nesta orde e na restante normativa que resulte de aplicación. En particular, non serán subvencionables:

a) Os que non sexan reais, que non fosen efectivamente realizados e pagados.

b) Os que non estean xustificados debidamente.

c) Os que superen o valor de mercado.

d) Os realizados ou pagados antes da data de notificación da resolución ou acordo de concesión da subvención ou despois da finalización do prazo de xustificación, sen prexuízo do disposto sobre os xustificantes de gastos anteriores ou posteriores a acción formativa que sexan aplicables ao período de execución da actividade subvencionada.

e) Os gastos das contratacións, cando estas estivesen prohibidas ou non se realizasen cos requisitos exixibles, en especial sempre que exista vinculación entre a persoa perceptora e a persoa pagadora e os custos superen o valor de mercado.

f) Os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.

g) Os xuros, recargas, sancións administrativas e penais.

CVE-DOG: 0hcekqt8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxzz8



h) En contías de exceso, os custos indirectos ou asociados que superen os límites previstos na presente orde, conforme corresponda, dos gastos da actividade formativa subvencionada.

i) O custo imputable do arrendamento de equipamentos didácticos na parte que exceda a contía que resulte de multiplicar por 1,5 o importe de amortización, obtido de aplicar o coeficiente lineal máximo permitido pola Lei do imposto de sociedades, para o equipamento de que se trate.

5. Rastrexabilidade dos pagamentos: para aceptar os gastos como xustificados é necesario que se identifique claramente a correspondencia entre a factura/nómina e o xustificante de pagamento, e aparecerá especificado o número de factura no concepto do xustificante bancario, posto que a simple coincidencia de provedor e importe non é garantía suficiente. Se o xustificante inclúe o pagamento de varias facturas e non se especificaron todas no concepto de xustificante bancario, o antedito xustificante deberá ir acompañado do total das facturas que estean afectadas por el. Así mesmo, en ningún caso se darán por válidos os xustificantes de pagamentos corrixidos con notas á man que rectifiquen calquera equivocación.

Artigo 28. *Pagamento*

1. O pagamento da subvención quedará condicionado a que as entidades beneficiarias acrediten que se atopan ao día das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, salvo que se acredite que estas débedas están aprazadas, fraccionadas ou cando se acordase a súa suspensión. Non poderá realizarse o pagamento da subvención cando a entidade sexa debedora por resolución firme de procedencia de reintegro.

2. Con carácter xeral, o aboamento da subvención farase efectivo da seguinte forma:

Até o 25 por 100 do total do importe concedido para a acción formativa, en concepto de anticipo con carácter previo ao comezo da actividade formativa, nos termos do número 8 do artigo 6 da Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, pode ser solicitado pola entidade beneficiaria despois de que reciba a notificación da resolución e conste a aceptación da subvención.

De igual xeito, a entidade beneficiaria poderá solicitar o pagamento dun segundo anticipo de ata o 35 por cento adicional, calculado sobre o conxunto do importe concedido, unha vez acreditado o inicio da actividade formativa.

CVE-DOG: 0hcekt8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxzz8



No caso de non existir a solicitude de anticipo do 25 % previa ao comezo da acción formativa, unha vez acreditado o inicio da actividade formativa, poderase solicitar de maneira conxunta un anticipo de ate o máximo do 60 % do importe concedido para o programa formativo.

Nos termos do artigo 12.2 da Orde TMS/368/2019, do 28 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 694/2017, do 3 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 30/2015, do 9 de setembro, o cálculo do importe dos referidos anticipos poderase determinar sobre a base do importe concedido para o total do programa formativo, entendido este como o conxunto das accións formativas obxecto da subvención, se así o solicita a entidade beneficiaria. Entenderase por inicio da actividade formativa o comezo da execución do primeiro curso ou grupo subvencionado.

Os anticipos deberán ser solicitados a través da aplicación informática SIFO.

Nos termos do artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, os anticipos non poderá superar a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario e, polo tanto, o pagamento poderá ser dividido en dúas anualidades para respectar este límite, para o cal se adoptarán as correspondentes medidas de xestión orzamentaria que permitan a percepción do importe total do anticipo ou suma de anticipos a que se teña dereito.

Os pagamentos dos anticipos faranse efectivos no prazo máximo de tres meses, contados desde a data de presentación pola persoa beneficiaria da documentación requirida para formular a solicitude de anticipo, en atención ao disposto no referido artigo 12.2 da Orde TMS/368/2019.

3. Conforme o previsto no artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 xuño, de subvencións de Galicia, as empresas beneficiarias quedan eximidas da obriga de constituíren garantías para a realización dos anticipos.

4. En ningún caso poderán realizarse pagamentos anticipados ás persoas beneficiarias nos supostos previstos no número 6, parágrafo terceiro, do artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Os gastos realizados con cargo aos anticipos deberán referirse á anualidade orzamentaria para a que foron concedidos e deberán xustificarse dentro do prazo que se sinala



nesta orde e na correspondente convocatoria, de maneira que, para o que atinxe á primeira convocatoria, deberán xustificarse coa data límite do 31 de marzo de 2020, no caso de anticipos concedidos con cargo a 2019, e coa data límite do 30 de decembro de 2020, para o caso de anticipos concedidos con cargo a 2020.

6. O resto do importe concedido farase efectivo, unha vez finalizada a acción formativa ou programa formativo subvencionados e logo de xustificados os gastos realmente efectuados. Para o cálculo do importe que se aboe terase en consideración a xustificación presentada.

O prazo para realizar o pagamento a que se refire este número será de seis meses, computable desde a data de presentación da solicitude en tal sentido, acompañada da correspondente documentación acreditativa.

7. A xustificación do cumprimento do compromiso de contratación inmediata realizarase no momento en que se proceda á xustificación final dos custos do curso mediante a presentación dos correspondentes contratos laborais visados polo Servizo Público de Emprego. As entidades beneficiarias deberán acreditar a situación de alta da persoa traballadora na Seguridade Social polo tempo estipulado no contrato. Para iso deberán achegar a RNT (relación nominal de persoas traballadoras).

Artigo 29. *Contratos de traballo*

1. A contratación comprometida realizarase no prazo dun mes desde o remate da acción formativa e, en todo caso, no suposto de accións formativas financiadas ao abeiro da primeira convocatoria, antes do 16 de decembro de 2020.

2. Non se aboará a liquidación final mentres a empresa non remita as copias dos contratos de traballo.

3. No caso de extinción do contrato de traballo do persoal obxecto de compromiso polas causas previstas na normativa laboral vixente con anterioridade á finalización do período exixible, a entidade beneficiaria deberá comunicar esta circunstancia á Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral no prazo de sete días desde que se produza e proceder á súa substitución, atendendo á seguinte orde:

1º. Deberá ofertar a cobertura do posto de traballo vacante ao alumnado formado e aprobado que non foi contratado inicialmente.

CVE-DOG: 0hcekqt8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxzz8



2º. No caso de non ser posible a contratación anterior, deberá ofertar a cobertura do posto ao resto do alumnado formado.

3º. De non se poder realizar a cobertura do posto vacante a través das ofertas dos ordinais 1º e 2º, a entidade beneficiaria deberá solicitar da oficina de emprego unha listaxe de persoas candidatas que posúa e acredite unha formación igual ou equivalente á que se require para o correcto desenvolvemento do posto de traballo.

4. As causas de extinción do contrato de traballo e, de ser o caso, de imposibilidade de facer efectiva a contratación de alumnado formado aprobado ou formado, segundo o sinalado nos ordinais 1º e 2º do número 3, deberán acreditarse documentalmente ante a Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.

5. Excepcionalmente, a entidade poderá solicitar á Subdirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral a autorización para a selección directa de persoas candidatas, sempre e cando acrediten unha formación igual ou equivalente á que se require para o correcto desenvolvemento do posto de traballo.

6. A Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, a través do persoal que ten adscrito nos servizos centrais e periféricos da Consellería de Economía, Emprego e Industria, efectuará as comprobacións que considere necesarias coa finalidade de verificar a efectividade do cumprimento do período de duración da contratación realizada.

Artigo 30. *Incumprimento de obrigas e reintegro*

1. O incumprimento das obrigas establecidas na presente orde e demais normas aplicables, así como das condicións que se establecesen na correspondente resolución de concesión dará lugar á perda total ou parcial do dereito ao cobramento da subvención ou, logo do oportuno procedemento de reintegro, á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida e os xuros de demora correspondentes.

2. Con carácter xeral, a gradación dos posibles incumprimentos a que se fai referencia no número anterior determinarase de acordo cos seguintes criterios:

a) No suposto de incumprimento total:

O incumprimento total dos fins para os cales se concedeu a subvención ou da obriga de xustificación dará lugar ao reintegro do 100 % da subvención concedida. Igualmente, considerarase que concorre o incumprimento total se a realización da actividade subven-



cionada non acada o 35 % dos seus obxectivos, medidos co indicador de número de horas de formación multiplicado por número de persoas alumnas formadas.

b) No suposto de incumprimento parcial:

O incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a subvención ou da obriga de xustificación desta dará lugar ao reintegro parcial da subvención concedida. Cando a execución do indicador mencionado no parágrafo anterior estea comprendida entre o 35 % e o 100 % da subvención concedida, minorarase na porcentaxe que se deixase de cumprir, sempre que os gastos fosen debidamente xustificadas.

c) O incumprimento do compromiso do emprego da lingua galega na realización das accións formativas dará lugar ao reintegro do 5 % da subvención concedida.

d) O incumprimento do período de 1 mes desde o remate da acción formativa para facer efectivo o contrato laboral dará lugar a un reintegro dun 2 % do importe do gasto xustificado por cada un dos incumprimentos.

e) O incumprimento da priorización na contratación ao alumnado formado que aprobou a acción formativa dará lugar a un reintegro do 5 % do importe do gasto xustificado.

3. No que se refire a posibles incumprimentos relativos á porcentaxe de compromiso de contratación, adoptaranse os seguintes criterios de gradación:

a) Se a contratación efectiva é inferior ao 40 % do alumnado formado, o reintegro será proporcional ao grao de incumprimento sempre que o dito incumprimento sexa igual ou inferior o 50 % do compromiso asumido, e calcularase sobre o importe do gasto xustificado.

b) Se o incumprimento sobre o compromiso de contratación efectiva é superior ao 50 % do compromiso asumido, o reintegro será total.

Artigo 31. *Infraccións e sancións*

A obriga de reintegro establecida no artigo 30 entenderase sen prexuízo do previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, se concorren as accións e omisións tipificadas na antedita lei.

As infraccións poderán ser cualificadas como leves, graves ou moi graves e comportarán as sancións que en cada caso correspondan de acordo co previsto na antedita lei.

CVE-DOG: 0hcekqf8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxzz8



Artigo 32. *Prazo de xustificación*

1. Os prazos para a xustificación dos gastos axustarase, en calquera caso, aos límites establecidos en cada convocatoria segundo a data de remate das accións formativas.

Cada convocatoria explicitará os prazos para a xustificación final dos gastos, así como, de ser o caso, os posibles límites temporais que, en calquera caso, deberán impoñer xustificacións parciais por anualidade naqueles supostos en que os gastos, incluídos os que se realicen con cargo aos importes anticipados, afecten máis dun exercicio orzamentario.

2. No caso da primeira convocatoria, a xustificación final dos gastos subvencionables deberá realizarse dentro do prazo dun mes desde o remate de cada curso e axustarase, en calquera caso, aos seguintes límites:

a) Nas accións formativas que rematen ata o 30 de novembro de 2019, a data límite para a presentación da xustificación final dos cursos será o 30 de decembro de 2019.

b) Nas accións formativas que rematen despois do 30 de novembro de 2019, a data límite para a presentación da xustificación final dos cursos será o 16 de decembro de 2020.

No caso das accións formativas que rematen despois do 30 de novembro de 2019 deberá facerse unha xustificación parcial da actividade realizada ata o 30 de novembro de 2019. A data límite para a presentación desta xustificación parcial dos cursos será o 31 de marzo de 2020.

3. Non se poderán imputar gastos xustificadas con facturas de data anterior en máis dun mes ao inicio da actividade formativa.

En todo caso, os gastos financiados deberán ser posteriores á concesión da subvención.

Artigo 33. *Xustificación dos custos directos*

1. A xustificación do pagamento das retribucións do persoal vinculado á docencia e á tutorización do módulo de formación práctica en centros de traballo deberá facerse, en todo caso, mediante apuntamento bancario e teranse en conta as seguintes indicacións:

1.1. No caso de persoal contratado por conta allea, deberase achegar:

a) Nómina do persoal.



- b) Documento bancario que acredite a transferencia da nómina aboada.
- c) Boletíns de cotización á Seguridade Social: recibo de liquidacións de cotizacións e modelo CNT ou equivalente, e os documentos bancarios que acrediten o seu pagamento
- d) Resolución de alta no réxime xeral da Seguridade Social
- e) Modelo 190 (retencións e ingresos á conta do IRPF e xustificantes do seu pagamento (modelo 111), correspondentes aos trimestres durante os cales se desenvolveu a acción formativa), unha vez que se dispoña deles.
- f) Xustificante bancario do ingreso do modelo 111 do IRPF.
- g) Informe de datos de cotización (IDC), correspondentes ao período de desenvolvemento da acción formativa.
- h) No caso de que a imputación á acción formativa sexa do 100 %: contrato laboral do persoal docente en que constará o seu obxecto especificando a acción formativa da que se trate.
- i) No caso de que a imputación á acción formativa sexa menor do 100 %: contrato laboral.
- j) Anexo ao contrato, asinado polas dúas partes, que recolla o seu obxecto con especificación da acción formativa de que se trate, así como da súa duración.

Se a contratación non foi efectuada para a realización exclusiva da acción formativa, deberá xustificarse a imputación total da nómina.

A cantidade que se impute á acción formativa será proporcional ao número de horas efectivamente impartidas pola persoa formadora. Se non se atopa diferenciada na nómina e nesta se inclúen outros conceptos retributivos, achegárase cálculo xustificativo da imputación efectuada segundo o criterio de horas da acción formativa impartidas en relación co total de horas traballadas (segundo o tipo de contrato e o recibo de liquidación de cotizacións).

O custo bruto por hora que se impute calcularase coa seguinte fórmula:

Masa salarial/número de horas anuais segundo convenio = custo hora persoal docente.



Na masa salarial inclúense a retribución bruta anual (incluída prorrata de pagas extra) máis o custo de Seguridade Social a cargo da entidade.

Custo que se impute: número de horas impartidas X custo-hora de persoal docente.

1.2. No caso de persoal contratado por contrato mercantil, deberase achegar:

a) Contrato realizado en que figure o seu obxecto (impartición da acción formativa de que se trate) e a súa duración.

b) Factura correspondente á acción formativa como xustificante de gasto, na cal se inclúa a denominación da acción formativa, a actividade realizada, o número de horas impartidas, o custo por hora e modalidade, a retención efectuada polo profesional e o importe total correspondente.

c) Xustificante de pagamento.

1.3. No caso de persoal que conste como socio ou socia da entidade beneficiaria, deberase achegar:

a) Factura que recolla a denominación da acción formativa, número de horas impartidas, custo por horas e modalidade e importe que se percibirá.

b) Xustificante de pagamento da factura

c) Alta de socio ou socia no IAE.

d) Recibo de liquidación de cotización ao réxime especial de traballadores autónomos do período de execución da acción formativa.

e) En caso de cotizar no réxime xeral da Seguridade Social, deberá presentar as nóminas percibidas no período formativo e os documentos da Seguridade Social (recibo de liquidacións de cotizacións e CNT) do antedito período, así como os seus correspondentes xustificantes de pagamento.

1.4. Para o caso de que as entidades beneficiarias teñan comunicado que a impartición da formación se efectuará a través da contratación con centros ou entidades de formación, nos termos do artigo 23 desta orde:

– Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para os contratos menores no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector

CVE-DOG: 0hcekt8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxzz8



público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, as entidades beneficiarias deberán solicitar, como mínimo, tres ofertas, de diferentes provedores non vinculados entre si, con carácter previo á contratación do servizo, salvo que, polas súas especiais características, non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, nos termos do artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. As ofertas presentadas deberán conter os mesmos conceptos ofertados.

No caso de renuncia dunha ou máis das entidades que presentaran as ofertas, estas deberán ser substituídas por outras ata acadar o mínimo de tres exixido.

A elección entre as tres ofertas presentadas, que se deberán achegar na xustificación, realizarase conforme criterios de eficiencia e economía, e deberase xustificar expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposición económica máis vantaxosa.

– Contrato realizado coa entidade de formación, onde se detalle a acción formativa, período ou número de horas que se van impartir, persoal docente interveniente, custo da acción e forma de pagamento.

– Facturas emitidas pola entidade de formación, nas cales se inclúa a denominación da acción formativa, o número de horas impartidas, o custo por hora e o importe total correspondente xunto co seu xustificante de pagamento.

– Nóminas ou facturas do pagamento ao persoal docente e xustificantes do seu pagamento, de ser o caso.

– De ser o caso, boletíns de cotización á Seguridade Social: recibo de liquidación de cotizacións e CNT, documentos bancarios que acrediten o seu pagamento e a resolución de alta no réxime xeral da Seguridade Social.

En canto aos criterios aplicables para establecer límites na imputación de custos relativos á subcontratación da docencia a través dun servizo externo, aplicarase o disposto na normativa vixente en materia de contratación pública, no sentido de fixar como límites máximos as porcentaxes recollidas no artigo 131.1, letras a) e b), gastos xerais de estrutura, do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, e a Orde FOM/1824/2013, do 30 de setembro, pola que se fixa a porcentaxe a que se refire o dito artigo.



2. Preparación e titorías.

Os criterios de xustificación deste número seguirán as mesmas directrices establecidas para o persoal vinculado á docencia, reflectindo de maneira separada nos xustificantes de gasto os custos derivados dos diferentes conceptos imputables.

No caso de que se trate de persoal interno da entidade beneficiaria ou contratado para a formación, deberán remitir, ademais, certificado asinado pola persoa representante legal da beneficiaria en que conste, por cada un dos conceptos de cada persoa traballadora imputada: o cargo que ocupa, a actividade desenvolvida para o programa de formación, as datas de dedicación a este e o número de horas empregadas, cunha descrición da actividade concreta realizada ou criterios de imputación de custos.

O devandito certificado acompañarase dunha declaración asinada por cada unha das persoas traballadoras incluídas nel, que especifique os días de dedicación, identifique as horas empregadas e describa as tarefas realizadas en cada unha delas.

3. Para xustificar os custos de medios didácticos, materiais didácticos e bens consumibles deberase achegar:

a) Facturas en que se identifique a acción formativa e/ou programa de formación, así como o número de unidades e o prezo por unidade, acompañadas dos seu correspondente xustificante de pagamento.

b) Xustificante de recepción detallado e asinado polo alumnado do material dun só uso que lle fose entregado de xeito individualizado e cuxo custo sexa imputado. No caso de materiais de traballo funxibles, deberase achegar unha memoria xustificativa en que se detallen as actividades desenvolvidas e a súa relación cos consumos imputados.

c) Xustificante de recepción detallado e asinado polo alumnado do material didáctico, material de protección ou seguridade que lle entregasen; cando sexa precisa a reposición de tales materiais, deberán achegar tantos xustificantes de recepción como fosen asinados.

Os soportes xustificativos dos gastos de medios didácticos, material didáctico e bens consumibles deberán detallar o material e o número de unidades adquiridas.

Os gastos de adquisición de material didáctico ou de material consumible utilizado na preparación dos medios didácticos ou no desenvolvemento da acción formativa presen-



taranse debidamente detallados por acción formativa ou por acción, grupo e concepto, e imputaranse polo número de persoas participantes deste, no caso de uso individual dos equipamentos; noutro caso, imputaranse por horas de utilización.

4. Para xustificar os custos de alugamento e arrendamento financeiro, excluídos os seus xuros, deberanse achegar as facturas correspondentes e o contrato de arrendamento ou de arrendamento financeiro que deberán vir desagregados por acción formativa e imputaranse tratándose de equipos didácticos, por horas de utilización e tratándose de aulas, talleres ou outras superficies, polo período de duración da acción e de xeito proporcional aos espazos e elementos estritamente necesarios para a execución da actividade subvencionada.

Nas facturas deberan constar as condicións, período devindicado, concepto, prezo unitario e datas a que se refire.

A documentación acreditativa dos custos de equipamentos didácticos, aulas, talleres e demais superficies utilizadas no desenvolvemento da formación deberá estar detallada por acción formativa ou grupo e indicar a descrición do servizo prestado ou elemento alugado, o número de unidades e o período de alugamento facturado, con indicación da referencia asignada a cada documento na aplicación telemática SIFO.

Os soportes xustificativos dos custos das aulas, talleres e demais superficies deberán indicar, ademais, o lugar en que se atopa o inmovible, que corresponderá co lugar de impartición da acción formativa indicado, se é o caso, na correspondente comunicación da acción formativa. Deberase achegar plano con indicación das superficies dos espazos alugados e con detalle das utilizadas en cada acción formativa.

A imputación de alugamentos entre os conceptos de instalacións e maquinaria non poderá superar o 10 % da subvención concedida para a impartición da acción formativa.

No caso de que os gastos orixinados polo alugamento de instalacións e equipamentos se imputen a unha acción formativa ao 100 % ou se repartan integramente entre varias accións formativas das concedidas á entidade, deberase achegar cálculo detallado da imputación realizada, incluíndo a correspondente ás zonas comúns no caso de instalacións.

Os custos de alugamento de equipamentos imputaranse polo número de persoas participantes no caso do uso individual dos equipamentos ou plataformas; noutro caso, imputaranse polo período de utilización.

CVE-DOG: 0hcekqt8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxz8



Os custos de alugamento das aulas, talleres e demais superficies utilizadas no desenvolvemento da actividade formativa imputaranse polo período de utilización e deberán ser proporcionais ás superficies e elementos estritamente necesarios para a execución de cada unha das accións formativas e polo período de execución destas.

Se a xustificación do custo se documenta a través dunha operación de arrendamento financeiro (*leasing*), cómpre presentar unha copia do contrato (incluído o cadro de amortización) e dos recibos de pagamento, tendo en conta que:

- A duración do contrato debe ser como mínimo de dous anos cando teña por obxecto bens mobles, e de dez anos cando teña por obxecto bens inmobles ou establecementos industriais.

- A cota do alugamento debe detallar o valor neto do ben e os gastos derivados da operación de arrendamento financeiro (*leasing*), como xuros, IVE, e custos de seguros, os cales non son elixibles; só será elixible a parte do alugamento correspondente á compra neta do ben.

- As cotas de arrendamento financeiro (*leasing*) nunca poderán ter carácter decrecente e só se financiarán axustadas proporcionalmente ao tempo de utilización do elemento de que se trate no programa de formación.

- O importe máximo elixible non debe superar o valor comercial neto do ben arrendado e o custo do arrendamento financeiro (*leasing*) non pode ser superior ao custo que suporía o alugamento do mesmo material, sempre que exista tal posibilidade de alugamento.

5. Gastos de seguro de accidente das persoas participantes, este gasto xustificárase coa presentación dos seguintes documentos:

- O contrato suscrito entre a beneficiaria e a compañía de seguros, debidamente asinado por ambas as dúas partes e no cal conste debidamente identificada a descrición do curso, as coberturas contratadas, o período de cobertura, o número de persoas alumnas aseguradas e a prima satisfeita.

- O recibo da prima satisfeita e o seu xustificante de pagamento. Non se admitirán pólizas con franquías.

CVE-DOG: 0hcekqt8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxzz8



Non deben existir diverxencias entre o recibo da prima e o contrato de seguro no que se refire á duración do curso, ao número de póliza ou a calquera outro dato que figure nos documentos.

6. Gastos de publicidade.

Estes gastos deberanse presentar debidamente desagregados por acción formativa e xustificaranse da seguinte forma:

- De se tratar dun anuncio publicitario en prensa, deberase presentar, ademais da factura e do seu correspondente xustificante de pagamento, a páxina do xornal, e deberá ser visible a data de publicación e o medio de comunicación.
- Cando o gasto publicitario para a organización e difusión da acción formativa consista na elaboración de folletos ou carteis, xustificarse e acreditarase na forma establecida para os anuncios en prensa, e achegarse un exemplar deles.
- Cando o gasto publicitario consista no envío de cartas, xustificarse mediante factura detallada expedida polo servizo de Correos empregado, así como o seu correspondente xustificante de pagamento. Tamén se deberá presentar unha memoria por cada acción formativa do número de cartas remitidas e o prezo unitario de cada un dos envíos, xunto cun exemplar de cada tipo de carta remitida.
- Se o gasto publicitario se realiza por calquera outro medio distinto do descrito neste artigo, xustificarse mediante as facturas en que apareza claramente identificado o medio utilizado, o seu obxecto e o seu contido.

Os soportes xustificativos dos gastos de publicidade deberán incluír a descrición do servizo prestado e deberán conter o detalle suficiente que permita comprobar a vinculación do gasto imputado ao programa de formación ou á/s acción/s formativa/s correspondente/s.

As facturas que non recollan toda a información exixida respecto ao contido poderán ir acompañadas dun certificado ou anexo, emitido polo proveedor, onde se aclare ou complete a información necesaria para a validación dos importes reflectidos nela.

Os distintos tipos de publicidade utilizados, agás os expresamente regulados para a selección do alumnado, deberán ser comunicados á Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral e será preciso que neles conste expresamente o financiamento da Xunta de Galicia e do ministerio competente en materia de emprego.

CVE-DOG: 0hcektq8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxz8



7. Para a xustificación dos custos de amortización de equipos didácticos, aulas, talleres e demais superficies, deberase achegar:

a) Factura de adquisición dos elementos amortizables ou o seu correspondente apuntamento contable.

b) Xustificante de pagamento.

c) Estado do cálculo efectuado para determinar o custo imputable.

d) Presentación do modelo de Cadro de amortización que figura como anexo III da Resolución de 18 de novembro de 2008, do Servizo Público de Emprego Estatal, pola que se regula a xustificación de gastos derivados da realización de accións de formación profesional para o emprego, en materia de formación de oferta, dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas.

e) Declaración da entidade conforme non imputa gastos de amortización no mesmo período temporal que noutras posibles subvencións

Os custos de amortización de equipamentos didácticos, aulas, talleres e demais superficies utilizadas no desenvolvemento da formación débense detallar por acción ou por acción/grupo e elemento amortizable, con indicación da referencia asignada a cada documento na aplicación telemática.

Os custos de amortización das aulas, talleres e demais superficies utilizadas no desenvolvemento do programa de formación deberán presentarse debidamente detallados por acción formativa e concepto, imputaranse polo período de utilización e deberán ser proporcionais ás superficies e elementos estritamente necesarios para a execución da cada unha das accións formativas e polo período de execución destas. Deberase achegar plano con indicación das superficies dos espazos obxecto de amortización e con detalle das utilizadas en cada acción formativa.

8. Os criterios de xustificación para o persoal de apoio para a adaptación das accións formativas seguirán as mesmas directrices establecidas para o persoal vinculado á docencia, reflectindo de maneira separada nos xustificantes de gasto os custos derivados dos diferentes conceptos imputables.

CVE-DOG: 0hcekt8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxzz8



9. No que se refire á xustificación de custos para adaptación curricular ou para material didáctico seguiranse os mesmos criterios que os reflectidos para os custos directos de material didáctico.

Artigo 34. Xustificación dos custos indirectos

1. Para a xustificación dos custos indirectos deberán presentar documento que recolla os criterios e cálculos realizados para a súa imputación no caso de gastos compartidos con outras actividades, de conformidade co artigo 29.9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e, en todo caso, na medida en que tales custos correspondan ao período en que efectivamente se realiza a actividade. Deberá achegarse, así mesmo, os xustificantes que se indican nos seguintes números para cada caso.

2. No caso dos custos de persoal de apoio, o gasto será xustificado segundo os criterios e directrices definidos para as retribucións do persoal vinculado á docencia.

Deberán remitir, ademais, certificado asinado pola persoa representante legal da beneficiaria en que conste, por cada persoa traballadora imputada: o cargo que ocupa, a actividade desenvolvida para o programa de formación, as datas de dedicación a este e o número de horas empregadas, cunha descrición da actividade concreta realizada ou criterios de imputación de custos.

O devandito certificado acompañarase dunha declaración asinada por cada unha das persoas traballadoras incluídas nel, que especifique os días de dedicación, identifique as horas empregadas e describa as tarefas realizadas en cada unha delas.

3. Para os custos financeiros deberá achegarse:

a) No caso de comisións, xuros e demais gastos que se produzan pola constitución da garantía bancaria deberán achegarse os documentos de constitución da dita garantía e dos gastos asociados a ela.

b) Contrato coa empresa asesora ou notario/a no caso de gastos de asesoramento legal, así como facturas ou documentos contables de valor probatorio correspondentes.

c) Documentos constitutivos do aval bancario, de ser o caso, ou contrato e cotas deste.

4. Para outros custos, deberá achegarse a factura correspondente e xustificante do seu pagamento efectivo.

CVE-DOG: 0hcekt8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxzz8



5. Os soportes xustificativos deberán conter a descrición do servizo prestado, a data de prestación do dito servizo e deberán detallar os custos por concepto.

Artigo 35. Xustificación dos custos de avaliación e control da calidade da formación

1. Os custos de avaliación e control, cando se refiran a persoal propio, xustificaranse segundo os criterios e directrices definidos para as retribucións do persoal docente interno.

Deberán remitir, ademais, certificado asinado pola persoa representante legal da entidade beneficiaria en que conste, por cada persoa traballadora imputada: o cargo que ocupa, a actividade desenvolvida para o programa de formación, as datas de dedicación a este e o número de horas empregadas, cunha descrición da actividade concreta realizada ou criterios de imputación de custos.

O devandito certificado acompañarase dunha declaración asinada por cada unha das persoas traballadoras incluídas nel, que especifique os días de dedicación, identifique as horas empregadas e describa as tarefas realizadas en cada unha delas.

2. Cando se refiran a persoal alleo, xustificaranse segundo os criterios e directrices definidos para o persoal docente externo.

3. Os soportes xustificativos dos custos de avaliación e control da calidade de formación deberán conter a descrición detallada do servizo prestado.

Artigo 36. Forma de xustificar o pagamento

1. Pagamentos realizados mediante cheque: este deberá ser nominativo e achegarse copia del xunto co xustificante bancario do movemento orixinado polo seu cobramento.

2. Pagamento mediante transferencia bancaria ou ingresos na conta: acreditarase mediante a correspondente orde de transferencia con ordenante e entidade beneficiaria claramente identificados, xunto co selo identificativo da entidade bancaria ou, na súa falta, copia do extracto bancario acreditativo do cargo, o importe e a data en que tivo lugar.

A xustificación do pagamento das retribucións en concepto de nómina deberase facer, en todo caso, mediante apuntamento bancario. No caso de que os xustificantes de pagamento estean polo total das persoas traballadoras, deberase presentar desagregación por cada persoa traballadora.



3. Pagamento mediante domiciliación bancaria: acreditarase mediante o cargo por domiciliación ou certificación da entidade financeira, acreditativo dos documentos de gasto que se saldan.

4. Pagamento en efectivo: a forma de acreditar os pagamentos en efectivo será mediante factura ou documento contable de valor probatorio equivalente, conforme o Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, que aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. No suposto de que o pagamento se acredite mediante factura simplificada (recibo) consignado no mesmo documento que soporta o gasto, este deberá conter a sinatura e o selo do proveedor e o selo de pagado. En ambos os dous casos será precisa a achega do apuntamento contable correspondente.

A xustificación do pagamento mediante efectivo só poderá aceptarse para gastos por importe inferior a trescentos euros (300 €).

En ningún caso se aceptarán pagamentos en efectivo para o persoal, con independencia do concepto retributivo (docencia, preparación, titorías...).

5. O IVE será un gasto subvencionable sempre e cando sexa real e definitivamente soportado pola entidade beneficiaria. O IVE recuperable non será subvencionable. Para a comprobación deste aspecto deberá presentarse coa liquidación o modelo 390 (declaración anual do IVE) correspondente ao último exercicio, no cal figure, se é o caso, a porcentaxe de redución (rateo) que aplicará a Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).

As entidades non suxeitas ou exentas do IVE acreditarán documentalmente tal circunstancia mediante certificado actualizado emitido pola AEAT.

Artigo 37. Xustificación do valor de mercado

Cando o custo subvencionado supere as contías previstas na normativa vixente de contratación do sector público para o contrato menor, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para obra, prestación do servizo ou entrega do ben, salvo que polas súas características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren.

Este aspecto deberá ser suficientemente xustificado pola entidade beneficiaria. A suficiencia da xustificación presentada será valorada pola Administración actuante.

CVE-DOG: 0hcekqt8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxzz8



Non se admitirá o fraccionamento dun contrato co obxecto de eludir o cumprimento do disposto no punto precedente.

A elección entre as ofertas presentadas, que se deberá achegar na xustificación ou, de ser o caso, na solicitude da subvención, realizarase conforme criterios de economía e eficacia, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non se escolla a oferta economicamente máis vantaxosa.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

A Administración poderá comprobar o custo e o valor de mercado das actividades subvencionadas a través de prezos de mercado, valores establecidos en taxacións oficiais ou referencias legais, ditames de peritos da Administración ou, en xeral, por calquera medio de proba admitido en dereito.

A constatación por parte da Administración da existencia dun sobrecusto dará lugar á dedución da parte proporcional afectada polo sobrecusto da actividade subvencionada.

Artigo 38. *Subcontratación e contratación con empresas vinculadas*

1. As entidades beneficiarias non poderán subcontratar con terceiros a execución da actividade formativa adxudicada.

Non se considerarán subcontratación, para os efectos desta prohibición, os supostos recollidos no número 1 do artigo 28 do Real decreto 694/2017, do 3 de xullo, nin a contratación á que se refire o artigo 22 desta orde.

Tampouco será obxecto de prohibición, para estes efectos, a contratación de persoal docente sempre que se realice baixo as seguintes formas:

a) Contratación realizada directamente pola beneficiaria de docente por conta allea.

b) Contratación realizada directamente pola beneficiaria de profesionais docentes ou que sexan persoas traballadoras por conta propia. A actividade de avaliación e control non se considera actividade formativa para estes efectos, polo que se pode encomendar a súa realización a terceiros.

CVE-DOG: 0hcektq8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxzz8



2. En ningún caso se poderá concertar, total ou parcialmente, a prestación ou adquisición de servizos ou subministracións necesarios para a execución da actividade subvencionada cunha persoa ou entidade vinculada coa entidade beneficiaria, salvo que concorran as seguintes circunstancias:

1ª. Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado.

2ª. Que se obteña a autorización previa da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.

Entenderanse por empresas vinculadas aquelas que se atopen nalgunha das situacións previstas no artigo 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. As entidades beneficiarias serán responsables de que na execución da actividade subvencionada concertada sexan respectados os límites establecidos na normativa reguladora da subvención en canto á natureza e á contía dos custos subvencionables. A persoa contratista estará suxeita ao deber de colaboración para permitir a axeitada verificación do cumprimento dos ditos límites.

A carga de proba de que a contratación se realiza en condicións normais de mercado corresponderá á entidade beneficiaria. A Administración actuante determinará a suficiencia ou insuficiencia da xustificación presentada.

O incumprimento da obriga de solicitar a autorización da Administración actuante con carácter previo á contratación con empresas vinculadas comportará a perda do dereito á percepción da subvención en relación cos custos derivados da prestación ou adquisición dos servizos ou subministracións contratados e non autorizados.

Artigo 39. *Liquidación*

Revisada a xustificación efectuada polas entidades beneficiarias e sempre que esta se axuste ao disposto nesta orde, o Servizo de Xestión Administrativa da Subdirección Xeral da Promoción Laboral emitirá certificación para poder facer efectiva a correspondente liquidación da axuda concedida.

CVE-DOG: 0hcekt8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxz8



Artigo 40. *Accións formativas*

1. O obxectivo prioritario das accións formativas reguladas na presente orde é a inserción e reinserción laboral das persoas traballadoras desempregadas naqueles empregos que require o sistema produtivo.

2. As accións formativas estarán constituídas polas especialidades formativas e polo/s módulo/s transversal/is.

3. As accións formativas deberán estar inscritas no Catálogo de especialidades formativas do Servizo Público de Emprego Estatal, e non estaren destinadas prioritariamente a ocupados, que integra toda a oferta formativa desenvolvida no marco do Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, incluídas as dirixidas á obtención de certificados de profesionalidade, e cumprir cos requirimentos mínimos tanto do persoal docente como dos participantes e das instalacións para cada especialidade formativa.

Caso de que no momento da presentación da solicitude as especialidades formativas non formen parte do antedito catálogo, as entidades solicitantes deberán actuar de conformidade co disposto no parágrafo segundo do artigo 18.1.g) da presente orde.

A entidade beneficiaria deberá verificar que no momento do comezo da acción formativa a especialidade segue en alta no Catálogo de especialidades formativas do Servizo Público de Emprego Estatal e que o programa de alta non difira do programa autorizado. De non estar de alta, non se poderá realizar a acción formativa, e non será posible a subvención nin a emisión de diplomas. No caso de haber diferenzas deberá adaptar o programa que se vaia impartir ao programa vixente. Esta adaptación non poderá supoñer un incremento na subvención.

Artigo 41. *Persoas destinatarias da formación*

As accións formativas irán dirixidas ás persoas traballadoras desempregadas. Para tal efecto, a consideración de persoa desempregada virá determinada pola súa inscrición como demandante no Servizo Público de Emprego de Galicia con data anterior á súa incorporación ao curso. Se durante o desenvolvemento dun curso algunha persoa alumna é contratada, poderá continuar asistindo á acción formativa sempre que haxa total compatibilidade entre o horario formativo e o laboral.

CVE-DOG: 0hcektq8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxzz8



A comprobación da inscrición no Servizo Público de Emprego como demandante de emprego na data de alta na Seguridade Social realizaraa directamente o órgano xestor das axudas.

O órgano xestor comprobará directamente que a persoa traballadora desempregada pola que se solicita subvención carece de ocupación segundo o informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social na data da súa alta no réxime xeral da Seguridade Social.

Artigo 42. *Selección do alumnado*

1. Cada entidade beneficiaria que desexe efectuar a selección directa do alumnado comunicarao á Subdirección Xeral de Promoción Laboral, no momento de presentación da solicitude de subvención ou en calquera momento previo ao comezo da acción formativa correspondente, sempre que se trate de persoas desempregadas que cumpran os requisitos de participación exixibles na especialidade formativa en cuestión.

De acollerse ao dereito á selección directa do alumnado, as entidades terán en conta, para a súa participación nos correspondentes procesos selectivos, ás persoas traballadoras desempregadas que exerzan o seu dereito de elección de centro, a través da web <https://emprego.xunta.gal/portal/index.php/gl/buscador-de-formacion>, con preinscrición directa ante a entidade ou centro de formación correspondente, ou por outros medios que determine a Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral a través de instrución ou circular.

2. Se as entidades beneficiarias non elixen o procedemento de selección directa do alumnado, deberán efectuar os seguintes trámites:

a) Con 15 días hábiles de antelación á realización da proba de selección, as entidades beneficiarias solicitarán directamente á oficina de emprego que corresponda, mediante o impreso normalizado establecido para o efecto, unha listaxe de persoas desempregadas que se adecúen ao perfil requirido para a realización de cada curso, en función dos requisitos de acceso do alumnado ao curso en cuestión.

b) A oficina de emprego, mediante sondaxe entre as persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, seleccionará dúas persoas por praza vacante en cada curso e convocará, mediante calquera medio que acredite a súa recepción de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo

CVE-DOG: 0hcekt8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxzz8



común das administracións públicas, as persoas demandantes preseleccionadas para que asistan á proba de selección que deberá realizar a entidade de formación. Esta proba de selección deberá ser visada previamente pola oficina de emprego. A entidade de formación non debe predeterminar o colectivo a que vai dirixido o curso, limitarse a identificar os requisitos de acceso do alumnado.

c) Remitida a lista á entidade solicitante, esta procederá á selección do alumnado preseleccionado mediante a realización das probas que considere pertinentes, de conformidade cos criterios predeterminados na solicitude, que deberán pór en coñecemento das persoas candidatas antes da súa realización. Da selección levantarase a correspondente acta no modelo normalizado establecido para o efecto.

Na realización das probas poderá estar presente unha persoa representante da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

d) As persoas demandantes propostas pola oficina de emprego só poderán ser rexeitadas para a realización do curso cando concorran causas xustificadas que así o determinen e sexan fidedignamente acreditadas pola entidade beneficiaria, especialmente o incumprimento dos requisitos para participar na correspondente especialidade formativa.

e) No caso de que ningunha persoa demandante proposta pola oficina de emprego supere as anteditas probas, ou transcorran 15 días naturais desde a petición de persoas candidatas por parte da entidade beneficiaria e a oficina de emprego non remita persoas demandantes de emprego, ou as persoas demandantes enviadas sexan insuficientes, a oficina de emprego deberá tentar novas sondaxes entre persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego, que non respondan aos criterios que empregou na sondaxe inicial, entre os que poderán incluírse: sondar persoas que teñen certificados de profesionalidade aprobados de menor nivel da mesma familia e área profesional, sondar por estudos cursados ou ocupación ou experiencia profesional afíns, relacionados coa especialidade que se vai impartir ou aumentar o ámbito xeográfico.

Se a pesar do anterior non se cobren as prazas, a entidade beneficiaria poderá realizar a correspondente convocatoria pública ou optar pola selección directa.

Os anuncios da convocatoria pública poderán efectuarse por calquera medio de comunicación (prensa escrita, carteis, folletos, internet, correo electrónico, telefonía, redes sociais, radio, televisión e medios de comunicación análogos aos anteriores). Nos anuncios necesariamente deberá facerse constar o financiamento da acción por parte da Consellería



de Economía, Emprego e Industria, debendo figurar neles o logotipo da Xunta de Galicia e do ministerio competente na materia.

Especificarase claramente, como mínimo: a entidade beneficiaria, as vacantes existentes e o número de persoas que se comprometen a contratar, o curso de que se trata, o perfil requirido do alumnado, o enderezo e teléfono do lugar de realización das probas de selección, así como a data e a hora.

3. Da selección efectuada darase conta á oficina de emprego correspondente con independencia do tipo de metodoloxía de selección empregado e coa finalidade de que persoal técnico desa oficina ou do servizo periférico do que dependa poida validar a acta de selección e a documentación anexa no prazo máximo de 5 días naturais desde a recepción do documento, requisito previo imprescindible para que poida comezar a acción formativa.

A comunicación á oficina de emprego deberá realizarse previamente á data de inicio do curso.

4. O alumnado que realízase un curso e teña dereito a diploma non poderá volver realizar outro curso da mesma especialidade. No caso de detectarse esta circunstancia, deberán ser dados de baixa. Ademais, neste suposto o alumnado correspondente non terá dereito a percibir ningunha das bolsas e axudas que se financian no marco dos procedementos TR301V e TR301X.

Ao comezo de cada curso informarase todo o alumnado desta exigencia, a través dun medio que deixe constancia da súa recepción.

5. O número máximo de persoas alumnas participantes en cada curso será de 15, e non poderá iniciarse a acción formativa se non se reúne un mínimo de 10 persoas alumnas presentes o primeiro día.

No suposto de que o curso se inicie con 10 ou máis persoas alumnas e menos de 15, deberá completarse o dito número dentro do primeiro cuarto deste.

Se non incorpora o alumnado seleccionado ou se producen baixas dentro do primeiro cuarto do curso, poderanse substituír por novas persoas alumnas, sempre que, a xuízo dos responsables da entidade beneficiaria, as persoas que se incorporen poidan seguir as clases con aproveitamento, unha vez superadas as probas de nivel correspondente, e non dificulten a aprendizaxe do grupo inicial. Cada nova alta ou baixa de alumnado que se



produza no curso deberá ser comunicada á oficina de emprego correspondente no prazo máximo de 3 días hábiles desde que se produza.

Se se trata de accións formativas vinculadas a certificados de profesionalidade unicamente se poderá incorporar alumnado durante os primeiros 5 días lectivos desde o inicio da acción formativa, sempre que non se superase o primeiro cuarto. Superados os primeiros 5 días lectivos, só poderán incorporarse ao curso aquelas persoas alumnas que teñan pendentes un ou varios módulos formativos para finalizar a súa formación. A súa incorporación só se poderá realizar dentro dos cinco primeiros días lectivos do/s módulo/s formativo/s que teña pendente/s, sempre que non se superase o primeiro cuarto deste módulo. A persoa responsable da súa impartición deberá comprobar, mediante as probas e/ou a xustificación documental pertinente, o nivel da persoa alumna.

Para estes efectos, naqueles casos en que os módulos transversais se impartan con anterioridade aos módulos formativos integrantes do certificado de profesionalidade, os primeiros cinco días lectivos entenderanse referidos aos cinco primeiros días lectivos do módulo formativo integrante do certificado, non aos cinco primeiros días lectivos do módulo transversal.

Igualmente, naqueles casos en que se impartan módulos formativos integrantes do certificado de profesionalidade do que parte do alumnado estea exenta na súa realización, os cinco primeiros días lectivos serán referidos aos cinco primeiros días lectivos dos módulos formativos nos que participe a totalidade do alumnado.

Se se producen abandonos con posterioridade á impartición do 25 % das horas de formación, poderase admitir unha desviación do 15 % con respecto ao número de participantes que as tivesen comezado, nos termos sinalados pola Orde TMS/368/2019, de 28 de marzo.

6. Os cursos en que, malia intentar completarse o número de persoas alumnas, diminúa o número de participantes ata unha cantidade inferior ao 50 por 100 do número referido na solicitude, agás que as baixas se produzan por colocación do alumnado, poderán ser cancelados mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral. A entidade beneficiaria deberá notificar á Subdirección Xeral de Promoción Laboral en caso de producirse esta diminución.

CVE-DOG: 0hcekqt8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxz8



Artigo 43. *Calidade, avaliación, seguimento e control dos cursos*

1. As entidades beneficiarias deberán realizar unha avaliación e control de calidade da formación que executen. Deberán destinar a esa finalidade ata un 5 % do custo xustificado nas epígrafes de custos directos e asociados da acción formativa.

As actuacións realizadas en materia de avaliación polas entidades, deberánse comunicar á Subdirección Xeral de Promoción Laboral no momento en que se efectúen, dando traslado a través da aplicación SIFO da documentación e dos resultados obtidos a través dun informe en que queden reflectidas, así como da verificación das condicións de impartición do curso e as actuacións de mellora que se teñan realizado a raíz dos resultados das accións de avaliación e control.

Deberán facer un seguimento continuo que permita a identificación de áreas de mellora e a elaboración de plans de mellora, detectando debilidades que poidan ser emendadas dentro do período de realización do curso, e quedarán reflectidas as actuacións levadas a cabo para tal fin na memoria final.

2. Para verificar o cumprimento do disposto nesta orde, as xefaturas territoriais da Consellería de Economía, Emprego e Industria, en función da provincia en que se desenvolva a formación, aplicarán un sistema de seguimento e control, segundo as instrucións que ao respecto dite a Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.

3. As entidades beneficiarias deberán remitirle, a través da aplicación SIFO, á Subdirección Xeral de Promoción Laboral, xunto co resto da documentación exixida nesta orde, a folla de control de asistencia debidamente asinada polo persoal de seguimento que visite o curso. No caso de que non coincida a folla de control de asistencia que conste en poder deste persoal coa remitida posteriormente polas entidades, presumirase a veracidade da primeira.

4. De conformidade co establecido nos artigos 24 e 25 da Orde TMS/368/2019, do 28 de marzo, a Consellería de Economía, Emprego e Industria velará pola calidade da formación profesional para o emprego e as entidades beneficiarias colaborarán na avaliación da formación que executen, seguindo as instrucións que para tal fin poderá ditar a Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, nas cales concretará os criterios e posibles indicadores da avaliación e o tamaño da mostra representativa para avaliar os grupos de formación.

CVE-DOG: 0hcektq8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxzz8



Artigo 44. *Especialidades formativas*

1. Os cursos impartiranse exclusivamente na modalidade presencial e as súas datas e horario non se poderán modificar respecto do solicitado no anexo I-B, salvo autorización previa do persoal funcionario da Subdirección Xeral competente na materia, a través da aplicación correspondente, nomeadamente SIFO.

2. As especialidades formativas poderanse programar ben completas ben por módulos formativos no caso de especialidades incluídas polo Servizo Público de Emprego Estatal na programación modular. Nas especialidades formativas que dean lugar á obtención de certificados de profesionalidade, cando se programen todos os módulos dun certificado deberase incluír obrigatoriamente o módulo de prácticas non laborais en empresas, e non se poderá impartir o módulo de prácticas profesionais non laborais en empresas se non vai asociado a algún outro módulo formativo do curso.

3. Todas as especialidades formativas que se impartan dentro da programación de formación para o emprego deberán estar incluídas no Catálogo de especialidades formativas do Servizo Público de Emprego Estatal previsto no artigo 20 da Lei 30/2015, do 9 de setembro, e a súa duración, contidos e requisitos de impartición serán os establecidos nel, así como, nos casos en que corresponda, nos reais decretos de aprobación dos certificados de profesionalidade respecto das accións formativas dirixidas á obtención destes, e comprenderán as especificacións técnico-docentes e o contido formativo adecuado, de acordo co nivel e o grao de dificultade establecido.

4. O programa que se impartirá en cada curso será o incluído no referido Catálogo de especialidades formativas do Servizo Público de Emprego Estatal, que, tal e como estipula o número 3 do artigo 20 da Lei 30/2015, do 9 de setembro, contén toda a oferta formativa que se desenvolve no marco do Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, incluída, entre outras, a dirixida á obtención de certificados de profesionalidade.

Artigo 45. *Módulos transversais*

1. En todos os cursos subvencionados ao abeiro da presente orde será obrigatoria a impartición do módulo transversal Inserción laboral, sensibilización medioambiental e na igualdade de xénero (FCOO03), de dez horas de duración, das cales cando menos dúas horas deberán referirse á igualdade de xénero, vinculada coa igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e corresponsabilidade familiar e doméstica, coa finalidade de dar cumprimento ao que preceptúa a disposición a que se refire o seguinte parágrafo.



Ademais, de conformidade co establecido no artigo 26 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma en materia de igualdade, impartirase un módulo formativo sobre igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e sobre corresponsabilidade familiar e doméstica, cunha duración de tres horas nos cursos de duración menor ou igual a cincuenta horas (FCOXXX23) e de oito horas nos cursos de duración superior a cincuenta horas (FCOXXX24).

A documentación de referencia dos devanditos módulos poderase consultar en <http://emprego.ceei.xunta.gal/modulos-transversais>.

2. A valoración económica dos módulos transversais será a mesma dos módulos do curso de formación en que se inclúan.

3. O alumnado que estea en posesión dun diploma oficial que acredite formación en materia de igualdade de duración igual ou superior ás horas destes módulos, ou que xa teña cursado o módulo que correspondese á duración da acción formativa en que estea participando, non poderá realizalo de novo.

Informarase todo o alumnado desta circunstancia de xeito que quede constancia, ademais de que, nestes supostos, non terá dereito a percibir bolsas e axudas por este concepto. As entidades e centros de formación tampouco terán dereito a que se lles financie na parte proporcional o alumnado en que concorran estas circunstancias.

A aplicación informática SIFO facilitará a comprobación, se é o caso, da acreditación da antedita formación en materia de igualdade.

4. A emisión dos diplomas que acrediten a superación da correspondente especialidade formativa ou, de ser o caso, a expedición dos certificados de profesionalidade, así como a posibilidade de contratación do alumnado para que a entidade beneficiaria cumpra co seu compromiso de contratación non estarán supeditadas, en ningún caso, a que o alumnado realice ou supere os módulos a que se refire este artigo.

Artigo 46. *Dereitos e obrigas do alumnado*

1. A formación será gratuíta para todo o alumnado das accións formativas derivadas desta orde.

CVE-DOG: 0hcekqt8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxzz8



2. O alumnado terá dereito a percibir as axudas ou bolsas que estableza a Consellería de Economía, Emprego e Industria. A tramitación destas axudas farase na xefatura territorial que corresponda.

3. Dentro da programación de formación profesional para o emprego financiada con fondos públicos, o alumnado que resulte seleccionado para un curso non poderá asistir en ningún caso a outro simultaneamente. Tampouco poderá causar baixa nun curso para acceder a outro, salvo autorización expresa da persoa titular da correspondente xefatura territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, por causas excepcionais debidamente xustificadas.

4. Terán a obriga de asistir e de seguir con aproveitamento os cursos, asinar os controis de asistencia, rexistrar a súa entrada e saída ao curso no sistema de control biométrico e facilitar a documentación que lles ten que ser requirida pola entidade impartidora o día da selección para a validación da acta, sobre o cumprimento dos criterios de acceso, así como o primeiro día do curso ou o día da súa incorporación ao curso. Neste último caso, o alumnado deberá entregar a documentación dentro dos 3 primeiros días lectivos do curso ou dos 3 primeiros días lectivos desde a súa incorporación ao curso.

5. Nos cursos de especialidades formativas correspondentes a certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3, ou calquera outra especialidade con requisitos de acceso específicos, terán a obriga de presentar copia da documentación acreditativa dos requisitos de acceso para poder participar no curso. De ser o caso, tamén deben presentar a documentación acreditativa para a exención do módulo de prácticas profesionais non laborais.

6. Será causa de exclusión:

6.1. Incorrer nun número de faltas de asistencia sen xustificar superiores a 10 horas ao mes e sempre que non superen o 5 % do total de horas da acción formativa, ou non seguir o curso con aproveitamento segundo criterio do seu responsable.

A xustificación das faltas deberase facer mediante documentos ou calquera outro medio que acredite de modo fidedigno o motivo da non asistencia. As persoas alumnas disporán dun prazo de tres días hábiles para presentar na entidade de formación os xustificantes das súas faltas de asistencia. Unha vez transcorrido este prazo sen que os presentasen, a falta será considerada como sen xustificar.

CVE-DOG: 0hcekt8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxz8



6.2. Incorrer en cinco incumprimentos horarios nun mes, sen xustificación. Enténdese por incumprimento horario cando a suma dos minutos de atraso na hora de entrada, da saída con antelación e das ausencias durante parte das horas lectivas, sexa superior a 15 minutos por cada día lectivo, sen causa xustificada.

6.3. As seguintes causas disciplinarias:

- Atentar contra os dereitos das persoas alumnas, do persoal docente ou da entidade formadora.
- Non seguir con suficiente aproveitamento a acción formativa ou dificultar o seu normal desenvolvemento.
- Negarse a efectuar os controis biométricos de asistencia.
- Non entregar a documentación requirida pola entidade formadora ou a unidade administrativa correspondente, necesaria para dar cumprimento á normativa aplicable.

O procedemento para dilucidar se procede a exclusión será resolto pola persoa titular da xefatura territorial en que teña lugar a acción formativa en cuestión e será comezado mediante solicitude debidamente motivada por parte da entidade formadora.

A persoa alumna proposta para exclusión será obxecto de audiencia por un prazo de 5 días hábiles por parte do Servizo de Orientación e Promoción Laboral da correspondente xefatura territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, logo do cal formulará a súa proposta de resolución.

Durante a tramitación deste procedemento, a persoa alumna que o motiva poderá ser suspendida de asistencia á acción formativa, ata a notificación da resolución definitiva, contra a cal, que non pon fin á vía administrativa, poderán interpoñer recurso de alzada as persoas interesadas.

7. O alumnado deberá acudir á súa oficina de emprego, unha vez rematado o curso, para cancelar a suspensión da demanda.

8. Nas accións formativas de especialidades vencelladas a certificados de profesionalidade, as persoas alumnas que teñan xa cursado con aproveitamento algún módulo formativo dos que integran a especialidade que estean cursando non o poderán volver a realizar,

CVE-DOG: 0hcekqt8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxzz8



sempre que esa formación sexa acreditable para os efectos da obtención dos certificados de profesionalidade.

Artigo 47. *Diplomas*

O alumnado terá dereito ao correspondente diploma nos seguintes termos:

1. Cursos non modulados.

As persoas alumnas que, cumprindo os requisitos de acceso previstos para a acción formativa, rematen os cursos con aproveitamento, e sempre que asistisen como mínimo ao 75 % da especialidade formativa, recibirán un diploma oficial, no modelo que se elaborará na Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.

Así mesmo, terán dereito ao diploma os alumnos e as alumnas que causen baixa no curso por colocación cando a persoa docente coide que teñen os coñecementos equivalentes ao nivel do curso e asistisen, como mínimo, ao 75 por 100 das horas lectivas.

2. Cursos modulados.

As persoas alumnas que rematen con aproveitamento un ou varios módulos formativos dun curso, independentemente de que se programase a especialidade completa ou modularmente, e sempre que asistan como mínimo ao 75 % das súas horas lectivas, recibirán un diploma oficial acreditativo desta circunstancia, que será elaborado pola Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.

Esta porcentaxe non afectará o alumnado que curse unha ou máis unidades formativas soltas integrantes dun módulo formativo destinado á obtención dun certificado de profesionalidade, sempre que estean exentos da realización desas unidades formativas a que non asistan por telas xa cursados de acordo co establecido no artigo 6.2 do Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade, que recibirán un diploma oficial acreditativo desta circunstancia que será elaborado pola Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.

Así mesmo, terán dereito ao diploma os alumnos e as alumnas que causen baixa no curso por colocación, cando o persoal docente coide que teñen os coñecementos e capacidades correspondentes ao nivel de cada módulo formativo e asistisen, como mínimo, ao 75 por 100 das horas lectivas deste. No caso dos certificados de profesionalidade tamén terá que ter superado coa cualificación de apto a avaliación continuada do módu-

CVE-DOG: 0hcektq8-9tu9-uy80-4uxoe3rjxzz8



lo formativo realizada polo persoal docente, así como o exame previsto no artigo 19 da Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro.

3. Os alumnos e as alumnas que non teñan dereito a diploma poderán recibir, se o solicitan, unha certificación polas horas e/ou módulos a que asistisen.

4. Dentro do programa do curso, que deberá figurar na parte posterior do diploma, figurarán, separadamente do resto do programa, os módulos de formación complementaria impartidos pola entidade beneficiaria en cada curso, así como a súa duración e horas, no caso de que o alumno ou alumna teña a obriga de facer estes módulos.

5. Para a expedición de diplomas e certificados relativos á formación correspondente a especialidades de formación profesional para o emprego, vinculadas ou non cos certificados de profesionalidade, non será necesario computar as horas dos módulos transversais e/ou complementarios que non estean contidos no programa formativo correspondente incluído no real decreto que o regula ou na ficha do catálogo de especialidades a que se refire o artigo 20 da Lei 30/2015.

6. Tanto a emisión dos diplomas como, de ser o caso, a expedición de certificados polas horas e módulos realizados, efectuarase en soporte electrónico.

Artigo 48. *Prácticas non laborais*

1. Disposicións comúns:

1.1. As prácticas incluídas no programa formativo poderán desenvolverse en empresas, consonte o artigo 19 da Orde TMS/368/2019, do 28 de marzo, e de acordo cos requisitos do programa e respectando a súa duración.

Poderanse realizar en calquera especialidade e a súa externalización terá carácter voluntario para as entidades beneficiarias e obrigatorio para o alumnado, no caso de que a entidade opte pola súa realización. No suposto do módulo de prácticas profesionais non laborais correspondentes aos certificados de profesionalidade, será obrigatoria a impartición en centros de traballo cuxa actividade estea vinculada coas ditas accións formativas e relacionada co seu contido formativo, logo de subscripción dun convenio ou acordo entre a empresa e a entidade de formación, que será posto en coñecemento da persoa que realiza as prácticas, e no que deberá describirse o contido destas, a súa duración, lugar de realiza-



ción, horario e o sistema de tutorías para o seu seguimento e avaliación. Os gastos que deriven da súa realización deberán imputarse ao orzamento do curso en que están incluídas.

1.2. O procedemento que hai que seguir para a súa xestión é o seguinte:

Con dez días hábiles de antelación á data prevista para a realización das prácticas, a entidade beneficiaria presentará a correspondente comunicación á correspondente xefatura territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, e xuntará a seguinte documentación:

- De ser o caso, convenio ou acordo subscrito coa empresa ou empresas en que realizará o módulo de prácticas profesionais non laborais en empresas incluída no certificado de profesionalidade.

Nos supostos en que o módulo de prácticas teña lugar nas entidades beneficiarias, deberá presentarse unha memoria explicativa de tal circunstancia.

- Sistema de tutorías para o seu seguimento e avaliación.
- Datas, lugar de realización, horario e duración.
- Documento que acredite a vixencia do seguro de accidentes do alumnado que cubra os riscos do curso. Deberá incluír os riscos do traxecto ao lugar de realización das prácticas e contratarase estritamente durante o período de duración das prácticas.
- Documento que acredite a contratación por parte da entidade beneficiaria dunha póliza de responsabilidade civil para facer fronte aos riscos que para os bens e as persoas poidan derivar da realización das prácticas en empresas. Non se admitirán pólizas con franquías.
- Declaración responsable da persoa representante legal en que se indique:
 - Que se dispón de comunicación previa ou licenza municipal de apertura da actividade de que se trate ou, na súa falta, en que se faga constar a idoneidade dos locais de impartición onde se van desenvolver as prácticas no caso de empresas, ou calquera outro documento acreditativo da idoneidade dos locais para a realización das prácticas.
 - Que a empresa en que se realizarán as prácticas cumpre coa normativa de prevención de riscos laborais.



A entidade beneficiaria deberá introducir na aplicación SIFO os datos relativos ao alumnado que desenvolva o módulo de prácticas.

1.3. As empresas onde teñan lugar as prácticas deberán reunir os requisitos establecidos no programa da especialidade de que se van realizar as prácticas.

1.4. A duración das prácticas non pode exceder en ningún caso a duración da parte práctica que se fixa no programa formativo, e non poderán rematar con posterioridade á finalización do curso. O horario das prácticas non poderá superar as 8 horas diarias nin as 40 semanais.

1.5. Antes do comezo das prácticas a entidade beneficiaria da subvención porá en coñecemento da Inspección de traballo unha relación do alumnado que vai realizar as prácticas, e identificará os centros de traballo en que realizará as prácticas, localidades, datas e horario de realización.

1.6. As empresas en que se realicen as prácticas comunicaranlle á representación legal das persoas traballadoras na empresa unha relación do alumnado que vai realizar as prácticas, as datas e o horario de realización.

1.7. As prácticas que realice o alumnado de formación profesional para o emprego non suporán en ningún caso a existencia de relación laboral entre as persoas alumnas e as empresas.

1.8. Unha vez comunicadas as prácticas, os centros de traballo e entidades deberán comunicar ao órgano competente calquera incidencia que se produza no seu desenvolvemento.

2. Módulo de formación práctica en centros de traballo nas accións formativas vinculadas á obtención dos certificados de profesionalidade:

2.1. A impartición do módulo de formación práctica en centros de traballo nas accións formativas vinculadas á obtención dos certificados de profesionalidade axustarase aos requisitos antes mencionados, ao establecido na Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro, e ao estipulado no real decreto regulador de cada certificado de profesionalidade.

2.2. O alumnado só poderá realizar o módulo de prácticas unha vez superados o resto dos módulos formativos do certificado de profesionalidade. O módulo de formación práctica en centros de traballo deberá iniciarse nun prazo non superior a catro meses naturais des-

CVE-DOG: 0hcekqt8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxzz8



de a finalización do último módulo formativo. Para determinados certificados de profesionalidade que, pola súa natureza presenten dificultades para o cumprimento do antedito prazo, poderáselle solicitar á Administración competente unha autorización para a súa ampliación e, en todo caso, deberá estar finalizado o 16 de novembro de 2020, nas accións formativas financiadas ao abeiro da primeira convocatoria acoillida a estas bases reguladoras.

2.3. A persoa titora deste módulo será a designada pola entidade beneficiaria entre o persoal formador ou as persoas titoras-formadoras que impartiran os módulos formativos do certificado de profesionalidade correspondente.

2.4. A persoa titora do módulo de formación práctica en centros de traballo será responsable de acordar coa persoa titora designada pola empresa o programa formativo deste módulo. Para establecer o programa formativo consideraranse as capacidades, criterios de avaliación e contidos establecidos para este módulo no certificado de profesionalidade. O dito programa debe incluír criterios para a avaliación, observables e medibles, e recoller, polo menos, a información que se indica no anexo VIII da Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro, pola que se desenvolve o Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade, e o reais decretos polos que se establecen certificados de profesionalidade ditados na súa aplicación.

2.5. O seguimento e a avaliación do alumnado serán realizados conxuntamente pola/s persoa/s responsable/s da titorización das prácticas e do resto dos módulos se son distintas, e reflectirase documentalmente para efectos da certificación da formación.

2.6. O alumnado que supere o módulo de prácticas recibirá unha certificación asinada pola persoa titora da formación, a persoa titora designada pola empresa e a persoa responsable da empresa, segundo o modelo que figura no anexo IX da Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro.

CAPÍTULO III

Programa de incentivos á actividade laboral vinculada ás accións formativas con compromiso de contratación inmediata (TR349X)

Sección 1ª. Disposicións xerais

Artigo 49. Ámbito temporal de aplicación e contratacións subvencionables

1. Serán subvencionables, ao abeiro destas bases reguladoras, as contratacións realizadas polas entidades beneficiarias das subvencións reguladas no capítulo II que superen



o compromiso de contratación do 40 % do alumnado formado segundo se define no artigo 3.c) desta orde.

2. Os incentivos previstos neste programa serán de aplicación ás contratacións indefinidas iniciais e temporais que realicen as empresas e as persoas empregadoras con persoas desempregadas participantes nos proxectos de acción formativa con compromiso de contratación que se determinen na correspondente orde de convocatoria.

Artigo 50. Procedemento de instrución, concesión e resolución

1. O procedemento de concesión das solicitudes presentadas ao abeiro deste programa axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

2. O órgano instructor dos expedientes será o Servizo de Emprego por Conta Allea da Secretaría Xeral de Emprego.

3. A resolución dos expedientes corresponderalle á persoa titular da Secretaría Xeral de Emprego, por delegación da persoa titular da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

4. Se a solicitude non está debidamente cuberta ou non se achega a documentación exigida, a unidade administrativa encargada da tramitación do expediente requirirá a persoa interesada para que, nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixer, se considerará que desiste da súa petición, logo da resolución, que será ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

5. Entenderase que a empresa desiste da súa solicitude cando a persoa traballadora pola que se solicita subvención cause baixa na empresa solicitante en data anterior á resolución da concesión da axuda. A empresa solicitante está obrigada a comunicar esta situación ao órgano ante o que solicitou a axuda.

6. O prazo para resolver e notificar é de tres meses, que se computarán desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude.

CVE-DOG: 0hcekqt8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxzz8



de, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 51. Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Cando se actúe mediante representación, esta atribución expresa acreditarase por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna, debéndose achegar declaración ante un notario ou secretario municipal, adquirindo esta a categoría de documento público, podendo ser substituída por declaración en comparecencia persoal do representado ante o órgano xestor.

b) Informe de vida laboral dun código conta de cotización correspondente ao mes anterior ao mes en que se realiza a contratación pola que se solicita subvención, máis o correspondente ao mes en que se realiza a dita contratación.

c) Declaración do cadro de persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia no mes anterior ao mes de inicio da relación laboral da persoa traballadora contratada pola cal se solicita a subvención, segundo o modelo anexo II-B cando se trate de contratacións indefinidas iniciais, e segundo o modelo anexo II-C, cando se trate de contratacións temporais. De ser o caso, TA2 de baixa das persoas traballadoras que causaron baixa polas causas previstas nos artigos 54.3 e 60.3 da orde de convocatoria.

d) Relación nominal das persoas traballadoras polas que se solicita subvención en que se inclúan os custos salariais totais anuais de cada persoa traballadora pola que se solicita subvención, anexo II-D e a nómina do mes de contratación.

e) Documentación acreditativa do colectivo polo cal se opta (para os casos de exclusión social ou discapacidade recoñecida fóra de Galicia).

f) Comprobación de datos da persoa traballadora contratada, anexo II-E.

g) Documentos xustificativos do nacemento en Galicia da persoa traballadora contratada e, ademais, no caso de alegar algunha relación de parentesco coa persoa nacida en Galicia, documentación que acredite o vínculo con esta, no caso de solicitar o incremento de emigrante retornado.

CVE-DOG: 0hcekt8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxz8



h) Certificado de emigrante retornado, expedido polas delegacións ou subdelegacións do Goberno, baixa consular ou calquera outra documentación que acredite fidedignamente a residencia no exterior e a data de retorno a España, no caso de solicitar o incremento de emigrante retornado.

i) No caso de que as persoas polas cales se solicita subvención teñan a condición de trans e opten polo incremento do 25 %, documentación que xustifique ter obtido ante o Rexistro Civil a rectificación da mención relativa ao sexo ou ben o cambio de nome para a asignación dun diferente ao do sexo rexistrado ao nacer.

2. Non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente, sempre que a persoa interesada expresase o seu consentimento para que sexan consultados ou obtidos eses documentos. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

3. A documentación complementaria presentarse por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que foi realizada a emenda.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

Artigo 52. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- DNI ou NIE da persoa solicitante ou representante.

CVE-DOG: 0hcektq8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxz8



- NIF da empresa solicitante.
- Certificación de estar ao día das súas obrigas coa Seguridade Social.
- Certificación de estar ao día das súas obrigas coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Certificación de estar ao día das súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- DNI ou NIE da persoa traballadora contratada.
- Certificado de discapacidade emitido pola Xunta de Galicia.
- Certificado de empadramento, de ser o caso.
- Certificado de inscrición no Servizo Público de Emprego da persoa traballadora contratada.
- Informe da vida laboral da persoa traballadora contratada.
- Contratos de traballo.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro sinalado no formulario de solicitude, como figura no anexo II-A e anexo II-E, e achegar os documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Sección 2ª. Contratación indefinida inicial

Artigo 53. Requisitos

1. Como consecuencia da contratación indefinida inicial pola que se solicita subvención ten que incrementarse o cadro de persoal fixo da empresa, no ámbito territorial de Galicia, respecto ao mes anterior ao mes de realización da contratación pola cal se solicita subvención.

CVE-DOG: 0hcektq8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxzz8



2. Como consecuencia da contratación indefinida que se fomenta ten que incrementarse o emprego neto da empresa no ámbito territorial de Galicia, respecto ao mes anterior ao mes de realización da contratación pola cal se solicita subvención.

3. Para o cálculo do incremento do cadro de persoal fixo e neto non se computarán as persoas traballadoras fixas cuxo contrato de traballo se extinga por causas obxectivas ou por despedimento disciplinario que non sexan declarados improcedentes ou cuxas baixas se producen por dimisión da persoa traballadora ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total ou absoluta ou grande invalidez legalmente recoñecidas ou por resolución durante o período de proba.

No caso de que o mes anterior á contratación pola que se solicita a subvención coincida con períodos de inactividade de persoas traballadoras fixas-descontinuas, estas computaranse como persoal fixo.

4. A xornada da contratación indefinida inicial a tempo parcial deberá ser como mínimo do 50 % da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, na súa falta, da xornada máxima legal.

5. As contratacións polas que se solicita subvención deberán formalizarse e comunicarse á Oficina Pública de Emprego na forma regulamentariamente establecida.

Artigo 54. *Contías dos incentivos*

1. As contratacións indefinidas iniciais incentivaranse cunha axuda de 7.000 euros.

2. A contía do incentivo será de 8.000 euros cando a persoa desempregada se atope nalgún dos seguintes colectivos, que non serán acumulables:

- Persoas desempregadas de longa duración.
- Persoas desempregadas con discapacidade.
- Persoas desempregadas que se atopen en situación ou risco de exclusión social.

3. Estas contías incrementaranse nas porcentaxes que se sinalan a continuación, que son acumulables entre si:

- a) Un 25 % se a persoa incorporada é unha muller.



b) Un 25 % no caso de que o centro de traballo (ou domicilio fiscal, no caso de carecer deste) da persoa autónoma estea situado nun concello rural.

c) Un 25 % no suposto de persoas maiores de 45 anos.

d) Un 25 % se a persoa incorporada é un emigrante retornado.

e) Un 25 % no caso de persoas trans.

4. A contía do incentivo será proporcional ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, na súa falta, da xornada ordinaria máxima legal.

5. Os beneficios establecidos á contratación neste capítulo non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 70 % do custo salarial de dúas anualidades correspondentes ao contrato que se subvenciona. No caso de que a contratación se realice con persoas desempregadas de longa duración, persoas desempregadas con discapacidade ou persoas desempregadas que se atopen en situación ou risco de exclusión social, os beneficios establecidos á contratación neste programa non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 80 % do custo salarial das mensualidades obxecto de subvención.

Artigo 55. *Exclusións*

Exclúense dos beneficios regulados neste programa:

1. As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores ou traballadoras para prestaren servizos noutras empresas mediante contratos de posta á disposición.

2. Os contratos realizados co cónxuxe, os ascendentes, os descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, da empresaria ou empresario ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos. Non será aplicable esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha persoa traballadora autónoma que contrate como persoa traballadora por conta allea os fillos e fillas menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con ela,



ou cando se trate dunha persoa traballadora autónoma sen persoas asalariadas e contrate un só familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.

3. As contratacións realizadas con persoas traballadoras que nos 24 meses anteriores á data da contratación prestasen servizos na mesma empresa ou única empresa, segundo o establecido no artigo 2 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, mediante un contrato de carácter indefinido ou nos últimos 3 meses mediante un contrato de carácter temporal ou mediante un contrato formativo, de remuda ou de substitución por anticipación da idade de xubilación. O disposto neste parágrafo será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador ou da traballadora con empresas ás cales a persoa solicitante dos beneficios sucedese en virtude do establecido no artigo 44 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro.

4. As persoas traballadoras que rematen unha relación laboral de carácter indefinido noutra empresa nun prazo de 3 meses previos á formalización do contrato polo que se solicita a subvención, agás que a dita relación laboral finalizase por causa dun despedimento recoñecido ou declarado improcedente ou se extinga por algunha das causas sinaladas nos artigos 49.1.g), 51 e 52.c) do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro.

Artigo 56. *Xustificación e pagamento*

1. De non achegarse con anterioridade, o pagamento das subvencións quedará condicionado á presentación da documentación xustificativa para o pagamento no prazo, nos termos e no modo establecido na resolución de concesión e, en todo caso, antes de que finalice o 30 de decembro do ano da convocatoria. Excepcionalmente e por causas debidamente xustificadas, o órgano concedente poderá outorgar unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación que non exceda a metade deste. O acordo de ampliación deberá ser notificado ás persoas ou entidades beneficiarias:

a) Declaración complementaria da presentada coa solicitude, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do anexo II-F.

2. Non poderá realizarse o pagamento da subvención mentres a entidade beneficiaria non estea ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou teña pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da

CVE-DOG: 0hcekqt8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxzz8



comunidade autónoma ou sexa debedora en virtude de resolución firme declarativa de procedencia de reintegro.

Artigo 57. Obrigas das entidades beneficiarias

1. As entidades beneficiarias estarán obrigadas a manter no seu cadro de persoal fixo as persoas traballadoras subvencionadas durante un período de 2 anos contado desde a data de realización da contratación.

No suposto de extinción da relación laboral dalgunha persoa traballadora pola que se concedeu a subvención, a empresa está obrigada a cubrir a vacante cunha nova contratación indefinida inicial, polo menos cunha xornada de traballo igual á anterior, e a persoa traballadora substituta deberá ter a condición de persoa alumna formada segundo o artigo 3.c) desta orde. Esta substitución deberá realizarse ata o último día do mes seguinte ao da baixa subvencionada. Esta nova contratación deberá serlle comunicada ao órgano que concedeu a axuda e non dará lugar, en ningún caso, a unha nova subvención. No caso de non ser posible a contratación anterior, debera ofertar a cobertura do posto ao resto do alumnado formado.

No caso de non ser posible a contratación do alumnado formado, deberá solicitar da oficina de emprego unha listaxe de persoas candidatas que posúa e acredite unha formación igual ou equivalente para o correcto desenvolvemento do posto de traballo.

Excepcionalmente, a entidade poderá solicitar á correspondente xefatura territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria a autorización para a selección directa de persoas candidatas, sempre e cando acrediten unha formación igual ou equivalente á que se require para o correcto desenvolvemento do posto de traballo.

2. Unha vez finalizado o período dos dous anos do cumprimento desta obriga, corresponderá á Secretaría Xeral de Emprego levar a cabo a función de control das subvencións concedidas, así como a avaliación e seguimento deste programa.

Para iso, a beneficiaria está obrigada a presentar, nos tres meses seguintes ao remate deste prazo, as nóminas das 24 mensualidades correspondentes a cada persoa traballadora subvencionada e os documentos bancarios de transferencia acreditativos do seu pagamento.

CVE-DOG: 0hcekqt8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxz8



3. As entidades beneficiarias estarán obrigadas a acreditar, con independencia da contía da subvención, tanto antes de ditarse a resolución de concesión como de proceder ao cobramento das subvencións, que están ao día nas súas obrigas tributarias e sociais e que non teñen pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou que están ao día no pagamento de obrigas por reintegro, de acordo co disposto no artigo 9 do Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Artigo 58. *Reintegro*

Procederá o reintegro da axuda cando se produza algunha das seguintes circunstancias:

Cando a entidade beneficiaria incumpra a obriga establecida no artigo 57.1 desta orde, por cada contratación subvencionada e non substituída conforme o establecido no antedito artigo, procederá o reintegro da axuda concedida pola persoa traballadora de que se trate.

Neste suposto hai que diferenciar entre o reintegro total, cando non se leve a cabo a substitución da persoa traballadora que causou baixa ou se substitúa cunha persoa que non cumpra os requisitos do artigo 57.1, e o reintegro parcial, que procederá nos seguintes casos:

a) Se se efectuou a substitución pero esta non foi feita no prazo anteriormente indicado.

O cálculo da contía que hai que reintegrar parcialmente farase do seguinte xeito:

i. Divídese entre vinte e catro meses a subvención concedida.

ii. Calcúlase o número de meses que o posto estivo vacante, computándose para estes efectos o prazo que se concede para proceder á substitución. Así mesmo, o mes en que se leve a cabo a substitución considerarase como mes de incumprimento, sexa cal sexa o día do dito mes en que aquela se realice.

iii. E, multiplícase o importe obtido na primeira operación (i) polo número de meses en que o posto de traballo estivese vacante.

CVE-DOG: 0hcektq8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxzz8



b) Se se efectuou a substitución pero esta non foi feita polo menos cunha xornada de traballo igual á da persoa que causou baixa ou no suposto dunha modificación da xornada de traballo da persoa contratada e subvencionada.

Procederá o reintegro parcial da axuda concedida pola diferenza entre a cantidade percibida e a cantidade que correspondería pola xornada inferior e o cálculo da contía que hai que reintegrar farase do seguinte xeito:

i. Divídese entre vinte e catro meses o importe concedido pola persoa traballadora de que se trate.

ii. Calcúlase a subvención que lle correspondería en función da nova xornada de traballo e divídese entre vinte e catro meses.

iii. Á contía obtida na operación primeira (i) réstaselle a contía obtida na operación segunda (ii).

iiii. O resultado multiplícase polo número de meses que resten ata cumprir os vinte e catro, tendo en conta que o mes en que se leve a cabo a substitución será computado entre os meses con xornada inferior, sexa cal sexa o día de dito mes en que aquela se realice.

Sección 3ª. Incentivos á contratación temporal

Artigo 59. Requisitos

1. Os incentivos previstos neste programa serán de aplicación a todas as modalidades contractuais de carácter temporal, excluído o contrato para a formación e aprendizaxe.

2. Os contratos temporais terán unha duración inicial mínima de 12 meses.

3. Como consecuencia da contratación temporal pola que se solicita a subvención ten que incrementarse o emprego neto da entidade solicitante no ámbito territorial de Galicia respecto ao mes anterior ao mes de realización da contratación pola que se solicita a subvención.

Para o cálculo do incremento do cadro de persoal non se computarán as persoas traballadoras cuxo contrato de traballo se extinga por causas obxectivas ou por despedimento disciplinario que non sexan declarados improcedentes ou cuxas baixas se producen por

CVE-DOG: 0hcektq8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxzz8



dimisión da persoa traballadora ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total ou absoluta ou grande invalidez legalmente recoñecidas ou por finalización do contrato.

4. As contratacións polas que se solicita subvención deberán formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida.

5. A xornada da contratación temporal a tempo parcial deberá ser como mínimo do 50 % da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, na súa falta, da xornada máxima legal.

Artigo 60. *Contías dos incentivos*

1. Os contratos temporais incentivaranse cunha axuda de 2.000 euros.

2. A contía do incentivo será de 3.000 euros cando a persoa desempregada se atope nalgún dos seguintes colectivos, que non serán acumulables:

- Persoas desempregadas de longa duración.
- Persoas desempregadas con discapacidade.
- Persoas desempregadas que se atopen en situación ou risco de exclusión social.

3. Estas contías incrementaranse nas porcentaxes que se sinalan a continuación, que son acumulables entre si:

- a) Un 25 % se a persoa incorporada é unha muller.
- b) Un 25 % no caso de que o centro de traballo (ou domicilio fiscal, no caso de carecer deste) da persoa autónoma estea situado nun concello rural.
- c) Un 25 % no suposto de persoas maiores de 45 anos.
- d) Un 25 % se a persoa incorporada é un emigrante retornado.
- e) Un 25 % no caso de persoas trans.

4. Os beneficios establecidos á contratación neste programa non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 70 % do custo sa-



larial das mensualidades obxecto de subvención. No caso de que a contratación se realice con persoas desempregadas de longa duración, persoas desempregadas con discapacidade ou persoas desempregadas que se atopen en situación ou risco de exclusión social, os beneficios establecidos á contratación neste programa non poderán, en concorrência con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 80 % do custo salarial das mensualidades obxecto de subvención.

Artigo 61. *Exclusións*

Exclúense dos beneficios regulados neste programa:

1. As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores ou traballadoras para prestaren servizos noutras empresas mediante contratos de posta á disposición.

2. Os contratos realizados co cónxuxe, os ascendentes, os descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, da empresaria ou empresario ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos. Non será aplicable esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha persoa traballadora autónoma que contrate como persoa traballadora por conta allea os fillos e fillas menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con ela, ou cando se trate dunha persoa traballadora autónoma sen persoas asalariadas e contrate un só familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.

3. As contratacións realizadas con persoas traballadoras que nos 24 meses anteriores á data da contratación prestasen servizos na mesma empresa ou única empresa, segundo o establecido no artigo 2 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, mediante un contrato de carácter indefinido ou nos últimos 3 meses mediante un contrato de carácter temporal ou mediante un contrato formativo, de remuda ou de substitución por anticipación da idade de xubilación. O disposto neste parágrafo será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador ou da traballadora con empresas ás cales a persoa solicitante dos beneficios sucedese en virtude do establecido no artigo 44 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro.

CVE-DOG: 0hcektq8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxzz8



4. As persoas traballadoras que rematen unha relación laboral de carácter indefinido noutra empresa nun prazo de 3 meses previos á formalización do contrato polo que se solicita a subvención, agás que a dita relación laboral finalizase por causa dun despedimento recoñecido ou declarado improcedente ou se extinga por algunha das causas sinaladas nos artigos 49.1.g), 51 e 52.c) do Estatuto dos traballadores.

Artigo 62. *Xustificación e pagamento*

1. De non achegarse con anterioridade, o pagamento das subvencións quedará condicionado á presentación da documentación xustificativa para o pagamento no prazo, nos termos e no modo establecido na resolución de concesión e, en todo caso, antes de que finalice o prazo orzamentario do ano da convocatoria. Excepcionalmente e por causas debidamente xustificadas, o órgano concedente poderá outorgar unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación que non exceda a metade deste. O acordo de ampliación deberá ser notificado ás persoas ou entidades beneficiarias:

a) Declaración complementaria da presentada coa solicitude, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do anexo II-E.

2. Non poderá realizarse o pagamento da subvención mentres a entidade beneficiaria non estea ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou teña pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou sexa debedora en virtude de resolución firme declarativa de procedencia de reintegro.

Artigo 63. *Obrigas das entidades beneficiarias*

1. Manter no seu cadro de persoal a persoa traballadora contratada polo período de duración do contrato obxecto de subvención.

No suposto de extinción da relación laboral dunha persoa traballadora pola que se concedeu a subvención, a entidade beneficiaria está obrigada a cubrir a vacante cunha nova contratación temporal, polo menos cunha xornada de traballo en tempo de dedicación igual á anterior, e a persoa traballadora substituta deberá ter a condición de persoa alumna formada e aprobada segundo o artigo 3.c) desta orde. Esta substitución deberá realizarse ata



o último día do mes seguinte ao da baixa subvencionada. Esta nova contratación deberá serlle comunicada ao órgano que concedeu a axuda e non dará lugar, en ningún caso, a unha nova subvención. No caso de non ser posible a contratación anterior, deberá ofertar a cobertura do posto ao resto do alumnado formado.

No caso de non ser posible a contratación do alumnado formado, deberá solicitar da oficina de emprego unha listaxe de persoas candidatas que posúa e acredite unha formación igual ou equivalente para o correcto desenvolvemento do posto de traballo.

Excepcionalmente, a entidade poderá solicitar á xefatura territorial correspondente da Consellería de Economía, Emprego e Industria a autorización para a selección directa de persoas candidatas, sempre e cando acrediten unha formación igual ou equivalente á que se require para o correcto desenvolvemento do posto de traballo.

2. Unha vez finalizado o período de cumprimento desta obriga, corresponderá á Secretaría Xeral de Emprego levar a cabo a función de control das subvencións concedidas, así como a avaliación e seguimento deste programa.

Artigo 64. *Reintegro*

1. Entenderase que se produce un incumprimento parcial e, polo tanto, procederá o reintegro parcial das axudas cando a persoa traballadora non sexa substituída pola empresa unha vez que transcorrese a duración mínima do contrato para que este poida ser subvencionado. O cálculo da contía que se reintegrará farase en función dos meses en que a persoa traballadora estivo na empresa en relación coa duración total do contrato obxecto de subvención.

2. Entenderase que se produce un incumprimento total e, polo tanto, procederá o reintegro total dos incentivos cando a persoa traballadora subvencionada cese na súa relación laboral antes de que transcorra o período mínimo de subvención e a empresa non proceda a substituíla.

Disposición adicional primeira. *Delegación de competencias*

Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Economía, Emprego e Industria na persoa titular da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, e na persoa titular da Secretaría Xeral de Emprego no ámbito das súas respectivas competencias, para a autorización, disposición, recoñecemento da obriga e proposta de

CVE-DOG: 0hcekt8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxzz8



pagamento das subvencións reguladas nesta orde, así como para resolver a súa concesión, denegación, modificación, reintegro ou outras incidencias das citadas subvencións.

Disposición adicional segunda. *Información sobre a xestión de subvencións*

1. En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto de cada convocatoria pública efectuada no marco destas bases e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS), nos termos do Real decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de datos nacional de subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.

A BDNS dará traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto da correspondente convocatoria para a súa publicación.

2. De acordo co establecido no artigo 14, letra ñ), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as entidades beneficiarias quedan informadas da existencia do Rexistro Público de Subvencións e dos aspectos previstos na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Disposición transitoria única. *Programa de incentivos á actividade laboral vinculada ás accións formativas con compromiso de contratación inmediata (TR349X).*

1. Serán subvencionables durante o ano 2019 as contratacións laborais realizadas ao abeiro do Programa de incentivos á actividade laboral vinculada ás accións formativas con compromiso de contratación inmediata (TR349X), nos termos da Orde do 7 de decembro de 2018 pola que se procede á terceira convocatoria das subvencións para o financiamento das accións formativas con compromiso de contratación en unidades formativas das empresas (código de procedemento TR301P) e á segunda convocatoria dos incentivos á contratación vinculados (código de procedemento TR349X), publicada no DOG núm. 246, do 27 de decembro de 2018.

As bases reguladoras do programa TR349X son as que constan na Orde do 31 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á primeira convocatoria das subvencións para o financiamento das accións formativas con compromiso de contratación en unidades formativas das empresas e dos incentivos á contratación (códigos de procedemento TR301P e TR349X).

CVE-DOG: 0hcektq8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxzz8



2. Para as anualidades 2020 e 2021, o referido programa TR349X será obxecto da regulación que se estableza na presente orde de bases reguladoras, debendo producirse as convocatorias dos incentivos nos ditos exercicios.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento da orde*

Facúltanse a persoa titular da Secretaría Xeral de Emprego e a persoa titular Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral para que ditén, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de agosto de 2019

Francisco José Conde López
Conselleiro de Economía, Emprego e Industria

ANEXO III

**Áreas prioritarias segundo disposición transitoria segunda
da Lei 30/2015, do 9 de setembro**

ADGD0208	Xestión integrada de recursos humanos
ADGF01	Inglés financeiro
ADGG0108	Asistencia á dirección
ADGG0308	Asistencia documental e de xestión en despachos e oficinas
ADGN0108	Financiamento de empresas
ADGN0208	Comercialización e administración de produtos e servizos financeiros
IFCD0211	Sistemas de xestión de información
IFCT0108	Operacións auxiliares de montaxe e mantemento de sistemas microinformáticos
IFCT0110	Operación de redes departamentais
IFCT0209	Sistemas microinformáticos
IFCT0210	Operación de sistemas informáticos

CVE-DOG: 0hcekt8-9tu9-uy80-sg50-4uxoe3rjxz8



IFCT0310	Administración de bases de datos
IFCT0410	Administración e deseño de redes departamentais
IFCT0609	Programación de sistemas informáticos
SSCE01	Inglés A1
SSCE02	Inglés A2
SSCE03	Inglés B1
SSCE04	Inglés B2
SSCE05	Inglés C1
SSCE06	Alemán A1
SSCE07	Alemán A2
SSCE08	Alemán B1
SSCE09	Alemán B2
SSCE10	Alemán C1
SSCE11	Portugués A1
SSCE12	Francés A1
SSCE13	Francés A2




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I-A

PROCEDEMENTO		CÓDIGO DO PROCEDEMENTO		DOCUMENTO	
ACCIÓNS FORMATIVAS CON COMPROMISO DE CONTRATACIÓN DIRIXIDAS PRIORITARIAMENTE ÁS PERSOAS TRABALLADORAS DESEMPREGADAS		TR301P		SOLICITUDE	

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE					
RAZÓN SOCIAL					NIF
TIPO	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
PARROQUIA		LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO			

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
